



**MEMORIA DA CANDIDATURA DO
PROXECTO DE XEOPARQUE DO CABO
ORTEGAL**

XANEIRO DE 2020

MEMORIA DA CANDIDATURA DO PROXECTO DE XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL

Índice

5

1. **Introdución**

- Contexto e motivacións
- Contidos
- Conceptos estratéxicos

2. **Diagnose**

- Caracterización da importancia xeolóxica do Complexo do Cabo Ortegal
- Contexto territorial dos concellos promotores:
 - Territorio
 - Bioxeografía e espazos naturais
 - Dinámica poboacional
 - Contexto laboral e sectores económicos
- Situación de partida da candidatura:
 - O proceso de candidatura
 - A creación do proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal
- Normativa de interese:
- DAFO sintética e análise final de potencialidades

3. **Obxectivos**

4. **Eixos de traballo**

- Conservación dos recursos, ámbito científico e investigación
- Gobernanza e xestión
- Educación ambiental
- Xeoturismo
- Territorio e infraestruturas
- Desenvolvemento local e sustentabilidade
- Comunicación e visibilidade do proxecto
- Candidatura: proceso e planificación

5. Estrutura e financiamento:

- Estrutura básica
- Acceso a fontes de financiamento

1. INTRODUCCIÓN

1.1. CONTEXTO E MOTIVACIÓNS:

A presente Memoria elabórase co obxectivo de presentar publicamente o proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal, así como de preparar a súa candidatura a Xeoparque mundial da UNESCO.

Os sete concellos promotores do proxecto do Xeoparque son Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, Ortigueira, San Sadurniño e Valdoviño, contaron, ao longo dos últimos anos, co apoio da Deputación provincial, así como da Mancomunidade de concellos da Comarca de Ferrol, entidade encargada de xestionar o Xeodestino Ferrolterra-Rías Altas, que abrangue a 22 concellos, entre os que se atopan os sete concellos promotores.

Nomeadamente, grazas ao apoio da Mancomunidade e da Deputación provincial, a finais do ano 2019 elaborouse un Plan de acción sobre o proceso de candidatura para lograr a designación de Xeoparque mundial da UNESCO, e asemade sentar as bases dunha futura estratexia de desenvolvemento territorial sustentable da área.

Esta memoria vén recoller parte do traballo realizado no dito Plan de acción.

1.2. CONTIDOS:

Os contidos desta Memoria estrutúranse do seguinte xeito:

- **Introdución:** que incluíra os conceptos estratéxicos que definen o proceso
- **Diagnose:** que recollerá a situación na que nos atopamos, cunha sinxela matriz DAFO ao final
- **Obxectivos prioritarios:** que serán aqueles retos que dirixan o proceso
- **Eixos de traballo:** serán os ámbitos estratéxicos nos que imos traballar, como poden ser a ciencia e educación, o xeoturismo ou desenvolvemento local, entre outros
- **Fontes de financiamento:** debido a que non se conta cun orzamento determinado previamente, é preciso buscar fontes que financien as diferentes accións

1.3. CONCEPTOS ESTRATÉXICOS:

1.3.1. Misión:

A misión vén definir cara a onde queremos ir, e cal é a razón de ser do proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal.

Para definir o fin último do proxecto do Xeoparque poderíamos tirar proveito das propias palabras da UNESCO, cando sinala que:

“O pasado da terra non é menos importante que o pasado da humanidade. Xa é hora de que esta aprenda a coñecelo; é una memoria anterior á memoria do home e un novo patrimonio: o patrimonio xeolóxico.” (Unesco, 1991)

Ora ben, o patrimonio xeolóxico ten que ser protexido e posto en valor, para que poida xerar coñecemento, pero tamén rendas, emprego e calidade de vida para os habitantes do territorio.

MISIÓN

Imos apoiarnos nos valores xeolóxicos, naturais, culturais e sociais dos nosos concellos para lograr un desenvolvemento sustentable e equilibrado do territorio, baseado na coordinación e na participación activa dos diferentes axentes públicos e privados. Queremos converter o Xeoparque do Cabo Ortegal nun elo entre as persoas e o territorio que habitan, para xerarmos riqueza económica, progreso social e preservación ambiental, de forma que incida directamente na mellora da calidade de vida do conxunto da cidadanía.

Polo tanto, a nosa misión pode resumirse en pretender lograr o desenvolvemento sustentable do territorio, e con el mellorar a calidade de vida da poboación, grazas aos recursos xeolóxicos cos que contamos.

1.3.2. Visión:

E unha vez que temos claro que queremos lograr, sería necesario ter unha imaxe do que queremos acadar no futuro neste ámbito:

VISIÓN

O Xeoparque do Cabo Ortegal procura ser un territorio con recoñecemento a nivel internacional por mor da posta en valor dos seus recursos xeolóxicos, naturais, culturais, produtivos e sociais, que fai parte activa da rede mundial de xeoparques da UNESCO, e que transmite unha imaxe de excelencia e de sustentabilidade territorial que se reflicte na mellora do benestar dos seus habitantes.

Isto vén expresar que, de cara a un futuro non moi afastado, desexamos ter un Xeoparque recoñecido pola UNESCO, que sirva para que a poboación tire proveito da posta en valor dos recursos cos que contamos.

1.3.3. Enfoque:

Para logramos que a candidatura do Xeoparque chegue a bo termo, e que a súa futura xestión sexa acaída coa misión e coa visión que acabamos de determinar, propomos ter un enfoque dirixido ao territorio e ás súas potencialidades.

ENFOQUE

O Xeoparque debe servir para a aplicación práctica dunha estratexia de desenvolvemento territorial integral e sustentable, que se alicerce nunha especialización intelixente que potencie os puntos fortes e tire proveito dos recursos endóxenos do territorio.

Con este enfoque pretendemos que o desenvolvemento territorial estea baseado na mobilización e na **participación** dos actores locais para impulsar os sete concellos do Xeoparque, co obxectivo de fortalecer o seu capital social, natural e económico.

Isto require do fortalecemento dos gobernos locais, líderes do proxecto, do impulso da **cooperación** público-privada, da creación dun clúster territorial e do fomento da cultura emprendedora, así como da coordinación eficiente das diferentes institucións.

Namentres, por medio da **especialización intelixente** poderemos tirar proveito dos amplos e variados recursos que existen no territorio, para que sexan a base a partir da cal se poida artellar unha estrutura socioeconómica diversa, resiliente e xeradora de benestar. Para iso será necesario identificar cales son as cadeas de valor coas que contamos e determinar como podemos apoialas para que se desenvolvan axeitadamente.

En resumo, este enfoque do desenvolvemento territorial:

- Empregaría unha perspectiva integral e holística, non sectorial, senón baseada no territorio no seu conxunto
- Facilitaría a construción social do territorio, por medio de redes e institucións de colaboración, algo moi necesario nunha terra tan individualista coma a nosa
- Contaría cunha visión estratéxica consensuada por todos os axentes implicados
- Centraríase no desenvolvemento endógeno, e nos recursos propios
- Avanzaría cara ás innovacións produtivas, pero tamén organizativas e sociais
- Apoiaría ás PEMES e ao mercado laboral local

2. DIAGNOSE

2.1. CARACTERIZACIÓN DA IMPORTANCIA XEOLÓXICA DO COMPLEXO DO CABO ORTEGAL:

As distintas formacións xeolóxicas presentes no proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal forman parte dun dos terreos alóctonos (non autóctonos) máis completos que existe da Oroxenia Varisca en Europa.

Estes materiais interprétanse como os fragmentos subducidos de litosfera continental e oceánica, que foron posteriormente obducidos e imbricados durante a colisión entre Laurasia e Gondwana, hai aproximadamente 350 millóns de anos, e da que xurdiría Panxea.

O proxecto do xeoparque constitúeno dúas unidades: a unidade alóctona ou Complexo do Cabo Ortegal, e a unidade paraautoctónica ou alóctono inferior. Así, o Complexo do Cabo Ortegal está constituído esencialmente por un arco de illas, restos dunha codia oceánica (secuencia ofiolítica) e dunha marxe continental. Namentres o alóctono inferior correspóndese cunha cunca sedimentaria peri-Gondwana e restos dun vulcanismo paleozoico.

Asemade, o Complexo do Cabo Ortegal dividiuse en 3 unidades. Os trazos xeolóxicos máis significativos de cada unha delas son os seguintes:

- Nas unidades superiores afloran rochas de alta presión (ecloxitas, granulitas e gneises), así como unha ampla variedade de rochas ultramáficas (harzburgitas, dunitas e piroxenitas), moitas delas afectadas por unha intensa deformación milonítica. Tamén existen grandes estruturas xeolóxicas como pregues deitados, fallas tardivariscas ou cabalgamentos. Nestas condicións hai presenza de destacados xacementos de cromoplatino, praceres de minerais pesados, do mesmo xeito que fenómenos metasomáticos e hidrotermais
- Nas unidades ofiolíticas, temos a presenza dunha “mélange” tectónica con pillow lavas, serpentinitas, diques básicos e mármore, xacementos de sulfuros masivos vulcanoxénicos (fumarolas) e evidencias dunha importante deformación ultramilonítica en xistos e filitas
- E nas unidades basais atopamos metabasitas, ecloxitas retrogradadas e ortogneises cunha intensa deformación dúctil e fráxil.

Por outra banda, o alóctono inferior caracterízase por mostrar unhas potentes sucesións siliciclásticas moi deformadas e vestixios dun intenso vulcanismo riolítico e dacítico.

Do mesmo xeito hai salientables afloramentos de granitoides, que en ocasións amosan unha intensa deformación por cizalla. Neste ámbito, destaca tamén a presenza de importantes estruturas fráxiles, fallas e cabalgamentos.

Dende o punto de vista da xeomorfoloxía actual, son tamén moi significativas as formas do relevo e, en especial, a costa acantilada, con cantís de ata 600 m de altitude, as rías, os esteiros, as enseadas, os illotes e arcos rochosos, así como nos ámbitos fluviais, as fervezas, os vales, en moitos casos de orixe tectónica, ou evidencias periglaciares en distintos puntos do proxecto do xeoparque.

Importantes son tamén as características xeomorfolóxicas dos macizos ecloxíticos, granulíticos e de rochas ultrabásicas, con excepcionais exemplos de karst serpentínico.

Tamén temos que salientar a importancia das morfoloxías costeiras, con cantís especialmente activos, longos areais, nalgún caso asociados a lagoas litorais, coma a Frouxeira, e rías como as de Cedeira e Ortigueira, moi ben conservadas, e con amplos depósitos de marisma de idade recente.

Namentres, tamén cabe salientar que dende o punto de vista edafolóxico existen distintos tipos de alteracións e solos, que en moitos casos son únicos na Península Ibérica.

Por último, debemos remarcar que o futuro Xeoparque do Cabo Ortegal poñerá en valor unha xeoloxía que non está presente en ningún dos xeoparques españois creados ata o momento. Polo que a súa creación converterao, por unha banda, no segundo Xeoparque de Galicia, e por outro, supoñerá un complemento importante e imprescindible para a rede de xeoparques españois, dada a súa singularidade e recoñecemento a nivel nacional e internacional.


2.2. CONTEXTO TERRITORIAL DOS CONCELLOS PROMOTORES:

2.2.1. Territorio:

O proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal abrangue sete concellos: Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, Ortigueira, San Sadurniño e Valdoviño. Malia que o ámbito do complexo xeolóxico do Cabo Ortegal tamén abrangue ao concello das Somozas, este decidiu non sumarse ao proxecto.

Os concellos promotores están situados entre a Comarca de Ferrol, con catro municipios, e o Ortegal, ao que pertencen os outros tres. Polo tanto, ocupan o extremo norte da provincia da Coruña, e están dentro da área urbana da cidade de Ferrol.

A superficie total do futuro Xeoparque é de 631 km², sendo o concello de Ortigueira o de maior superficie, un dos máis grandes de Galicia, namentres os de Cariño, Cerdido e Moeche son os máis cativos, roldando os 50 km².



Mapa cos concellos que integran o Complexo Xeolóxico do Cabo Ortegal

Concellos	Extensión (Km ²)	Parroquias	Entidades de poboación	Entidades/km ²
Cariño	47,2	5	74	1,57
Cedeira	85,4	7	162	1,90
Cerdido	52,7	3	93	1,76
Moeche	48,5	5	128	2,64
Ortigueira	210	22	321	1,53
San Sadurniño	99	7	227	2,29
Valdoviño	88,2	8	206	2,34
Total	631	57	1.211	1,92

Datos territoriais. Fonte: IGE (2019) e elaboración propia

O número de parroquias non é moi elevado, agás no caso tamén de Ortigueira, que chega a 22, mentres Cerdido só conta con 3. En total son 57 parroquias, que non é un número moi elevado en comparación con outras áreas de Galicia.

Pola contra, o número de entidades de poboación si é moi alto, salientando outra vez o caso de Ortigueira, con 321 entidades. Ora ben, se atendemos á densidade de entidades por km², veremos que Moeche ten ata 2,64 entidades, seguido de

Valdoviño e San Sadurniño, sendo Ortigueira o que menor densidade posúe, con 1,53 entidades/km².

Podemos concluír, polo tanto que estamos ante un territorio **totalmente humanizado** dende tempos pasados, e cunha **elevadísima dispersión da poboación**. Cómpre salientar que esta situación ten repercusións directas na xestión dos servizos públicos (alumeado, abastecemento de auga, vías de acceso, recollida do lixo ...), principalmente municipais, aumentando os custos en comparación con outros ámbitos territoriais onde o poboamento é concentrado.

Da mesma maneira, esta dispersión incide negativamente na capacidade de mobilidade da poboación rural, que ten que depender case exclusivamente dos medios de transporte individuais.

14

2.2.2. Bioxeografía e espazos naturais:

Dende o punto de vista florístico, estamos no reino holártico, na rexión nemoral-eurosiberiana ou eurosiberiana occidental, onde domina o bosque atlántico como vexetación climática.

Dentro da división corolóxica estaríamos na rexión eurosiberiana, na provincia cántabro-atlántica e no sector galaico-asturiano, como o resto do norte de Galicia.

Hoxe podemos atopar bosques naturais, mesófilos, como o bosque atlántico, de carballeiras e fragas. Aí predomina o carballo (*Quercus robur*), acompañado do pradairo (*Acer pseudoplatanus*), castiñeiro (*Castanea sativa*), bidueiro (*Betula alba*), ou a cerdeira (*Prunus avium*), e un estrato herbáceo rico en felgos. Tamén é habitual atopar o loureiro e o acivro (*Ilex aquifolium*).

Nesta zona tamén é posible atopar Biduedos, onde predomina o propio bidueiro, aínda que prefire zonas altas (máis de 400 metros) e húmidas. E no seu momento sería doado atopar soutos preto das aldeas, pero a tinta rematou coa maioría deles na metade occidental de Galicia.

E o outro grande bosque natural persistente é o de ribeira, as ripisilvas, que arrodean os múltiples cursos fluviais, e que teñen unha elevada importancia ecolóxica pois serven como corredores que comunican ecosistemas e como protectores das marxes dos propios ríos. Aquí atoparemos salgueiros (*Salix atrocinera*), amieiros (*Alnus glutinosa*), así como lamigueiros (*Ulmus glabra*) e bidueiros ou freixos (*Fraxinus excelsior*).

Pero a maior parte do bosque actual é non é natural. Por unha banda, temos as repobacións de piñeiros, piñeiro bravo ou do país (*Pinus pinaster*) que logo deron paso aos piñeiros insigne ou de Monterrey (*Pinus radiata*).

E dende mediados do século XX, sobre todo nas terras que se ían deixando de traballar, nas ladeiras e cumes, e nas toxeias que non se aproveitaban, propiciouse a repoboación masiva do eucalipto (*Eucalyptus globulus*), por mor do seu rápido crecemento e adaptabilidade. A súa extensión foi tan rápida que unha parte importante do territorio está hoxe en día cuberto por este tipo de plantacións.

Dende o punto de vista faunístico, esta área recolle a tipoloxía de animais característica do norte de Galicia, salientando entre os mamíferos o xabaril, o raposo, ou os corzos. Asemade, en zonas coma o Forgoselo, a Capelada ou a Coriscada é posible atopar gando vacún e cabalar ceibo.

Deste xeito, o territorio que forma parte do proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal presenta un amplo número e variedade de hábitats de gran riqueza, e os ámbitos mellor conservados forman parte da Rede Natura 2000, coma as ZEC Costa Ártabra, Ortigueira-Mera, Xubia-Castro, ou Estaca de bares, así como as ZEPA da Ría de Ortigueira e Ladrido, e da Costa de Ferrolterra-Valdoviño.

Destacan tamén as zonas RAMSAR, con protección internacional, da Lagoa e areal de Valdoviño e da Ría de Ortigueira e Ladrido.

Como podemos ver no cadro seguinte, a superficie total incluída na Rede Natura 2000 ascende a 8.391 ha, o que significa que o **13,30% do territorio do proxecto do Xeoparque conta con figuras de protección dos espazos naturais**, sobre todo no ámbito litoral, e na serra do Forgoselo, no extremo meridional do territorio.

Concellos	Extensión (Km ²)	RN2000 (ha)	% superficie protexida
Cariño	47,2	2.146,47	45,48%
Cedeira	85,4	1.840,36	21,55%
Cerdido	52,7	100,37	1,90%
Moeche	48,5	14,00	0,29%
Ortigueira	210	1.556,78	7,41%
San Sadurniño	99	1.193,36	12,05%
Valdoviño	88,2	1.539,99	17,46%
Total	631	8.391	13,30%

Rede Natura 2000 no territorio. Fonte: IGE (2018) e elaboración propia

Neste senso, o Concello de Cariño ten ata o 45% do seu territorio na Rede Natura 2000, mentres Cerdido e Moeche teñen extensións moi reducidas, vinculadas exclusivamente ás ribeiras dos ríos Mera e Xubia.

2.2.3. Dinámica poboacional:

A poboación total do territorio do proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal ascende a 28.336 habitantes, dos cales 13.842 son homes e 14.494 son mulleres, o que supón un 51,15% do total.

Concellos	Total (hab.)	Homes (hab.)	Mulleres (hab.)	Densidade (hab./km ²)
Cariño	3.945	1.959	1.986	83,58
Cedeira	6.794	3.373	3.421	79,56
Cerdido	1.126	551	575	21,37
Moeche	1.226	576	650	25,28
Ortigueira	5.804	2.773	3.031	27,64
San Sadurniño	2.828	1.401	1.427	28,57
Valdoviño	6.613	3.209	3.404	74,98
Total	28.336	13.842	14.494	44,91

Poboación e densidade. Fonte: IGE (01/01/2018)

A distribución da poboación por concellos permítenos facer 3 grupos, segundo o seu tamaño e tipoloxía. Por unha banda están os municipios con máis habitantes, como é o caso de Cedeira, Valdoviño, Ortigueira e Cariño. Neste grupo, todos son concellos costeiros, e agás o caso de Valdoviño, os outros tres teñen núcleos urbanos históricos, onde se concentra unha parte importante da poboación.

No segundo grupo estaría só San Sadurniño, con case 3.000 habitantes, e unha estrutura máis rural. E o último grupo estaría formado por Cerdido e Moeche, que tamén teñen características propiamente rurais, e se sitúan no interior do territorio.

Pola contra, esta distribución non se mantén no caso da densidade de poboación. Así, mentres os concellos costeiros de Cedeira, Valdoviño e Cariño teñen densidades ao redor dos 80 hab./km², moi preto da media galega, o resto de municipios, incluída Ortigueira, teñen densidades entre 20 e 30 hab./km².

Polo tanto, a densidade media do territorio é de case 45 hab./km², que é a metade da media galega, polo que estamos ante un ámbito cunha poboación relativamente reducida, malia que a dispersión é moi elevada.

Polo tanto, podemos concluír que predomina un poboamento de tipo rural, de pequenas aldeas e rúeiros espaxados polo territorio e con moi pouca poboación, a excepción do caso das vilas costeiras.


De igual maneira, podemos sinalar que existe unha certa **dicotomía entre os espazos litorais, máis poboados, e as parroquias interiores, cunha poboación ciscada e reducida.**

Noutra orde, se analizamos a evolución da poboación nos últimos tempos, vemos que a tendencia é certamente preocupante.

Concellos	1991 (hab.)	2001 (hab.)	2011 (hab.)	2018 (hab.)
Cariño	5.514	4.967	4.474	3.945
Cedeira	7.673	7.595	7.338	6.794
Cerdido	1.908	1.638	1.328	1.126
Moeche	1.763	1.536	1.363	1.226
Ortigueira	9.925	8.397	6.956	5.804
San Sadurniño	3.781	3.389	3.099	2.828
Valdoviño	7.008	6.795	6.926	6.613
Total	37.572	34.317	31.484	28.336

Evolución da poboación 1991-2018. Fonte: IGE (1991-2018)

Se collemos os datos dende 1991, debido a que en 1988 Cariño se independiza de Ortigueira, vemos que o territorio **perdeu 9.236 habitantes**, o que supón case o 25%.



Evolución da poboación 1991-2018. Fonte: IGE

Todos os concellos amosan unha liña descendente, como podemos ver na gráfica situada a continuación, aínda que existen certas diferenzas, dado que Valdoviño logrou manter o seu nivel de poboación, principalmente por mor da súa proximidade á cidade de Ferrol, namentres Ortigueira veu perder máis de 4.000 habitantes, un 42% do que tiña en 1991.

Por desgraza esta tendencia negativa vai continuar de cara ao futuro, segundo as previsións que fai o propio IGE. Nos datos que vemos a continuación só temos a previsión a nivel comarcal, tanto para Ferrolterra, coma para o Ortegal. En ambos os casos a perda de poboación de cara a 2033 seguiría acrecentándose, chegando a máis de 14.000 persoas.

Comarca	2018 (hab.)	2033 (hab.)	Diferenza (hab.)
Ferrolterra	152.941	141.594	-11.347
Ortegal	12.569	9.547	-3.022

18

Previsións demográficas 2018-2033. Fonte: IGE

De igual maneira, esta tendencia descendente vai en paralelo ao avellentamento da poboación, como se pode ver a continuación.

Só o 9,46% da poboación do territorio ten menos de 16 anos, amosándose diferenzas claras entre Cedeira, Valdoviño, e mesmo San Sadurniño, que roldan o 10 e o 11%, e Moeche ou Cerdido, onde non chegan ao 7%.

Rango de idades	Cariño	Cedeira	Cerdido	Moeche	Ortigueira	San Sadurniño	Valdoviño	Totais
Menores de 16	348	751	78	96	410	272	726	2.681
% menores 16	8,82%	11,05%	6,93%	7,83%	7,06%	9,62%	10,98%	9,46%
16-64	2.274	4.051	624	679	3.253	1.645	3.887	16.413
Máis de 64	1.323	1.992	424	451	2.141	911	2.000	9.242
% maiores 64	33,54%	29,32%	37,66%	36,79%	36,89%	32,21%	30,24%	32,62%
Total	3.945	6.794	1.126	1.226	5.804	2.828	6.613	28.336

Distribución da poboación por idade. Fonte: IGE e elaboración propia

De forma paralela, a porcentaxe de persoas maiores de 64 anos supera o 32% no total do territorio, aínda que en Ortigueira, Cerdido e Moeche a taxa rolda o 37%.

Estas cifras amosan claramente que estamos ante unha **poboación moi avellentada**, con pirámides inversas, nas que a base, formada pola poboación nova, é moi reducida. Esta situación tamén ten serias implicacións socioeconómicas, xa que determina un menor dinamismo económico e un aumento no gasto social.

2.2.4. Contexto laboral e sectores económicos:

Pasamos agora a analizar a situación laboral na zona, comezando polos datos de afiliación á Seguridade Social do mes de setembro de 2019.

Como podemos ver o grosor das afiliacións están no sector dos servizos, acadando o 63% do total. Salienta o caso de Valdoviño, con máis de 1.400 afiliacións neste sector, debido ás actividades vinculadas ao turismo e á hostalaría.

Concellos	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	Total
Cariño	173	150	105	701	1.129
Cedeira	339	306	187	1.326	2.158
Cerdido	61	60	41	226	388
Moeche	81	79	48	251	459
Ortigueira	219	178	190	1.199	1.786
San Sadurniño	113	180	127	587	1.007
Valdoviño	131	361	234	1.438	2.164
Total	1.117	1.314	932	5.728	9.091

Afiliacións á Seguridade Social. Fonte: IGE (09/2019)

O resto de sectores están máis equilibrados, aínda que chama a atención a importancia do primario, en parte pola forza que mantén a pesca e o marisqueo na costa, e tamén a industria, que ocupa o segundo posto.

A importancia do emprego na industria está relacionada coa proximidade da área urbana de Ferrol, e por este motivo Valdoviño ou San Sadurniño teñen unha parte destacable da poboación activa nese ámbito. É salientable o caso de Cedeira, que historicamente mantivo unha relación forte co sector naval da ría de Ferrol, a pesar da distancia que existe entre ambos os concellos.

No referente ao desemprego, os datos de outubro de 2019 indícanos que hai un total de 1.421 persoas desempregadas, das cales case o 56% son mulleres, polo que existe un claro desequilibrio en cuestión de xénero. Estas diferenzas son máis acusadas nos concellos meirandes, mentres en Cariño, Cerdido ou Moeche tenden ao equilibrio ou mesmo a medrar no lado masculino.

Concellos	Total	Homes	Mulleres
Cariño	178	88	90
Cedeira	345	137	208
Cerdido	49	30	19
Moeche	42	21	21
Ortigueira	311	152	159
San Sadurniño	145	58	87
Valdoviño	351	142	209
Total	1.421	628	793

Desemprego por sexos. Fonte: IGE (10/2019)

Na distribución por sectores salienta o relativo elevado desemprego no sector primario, vinculado sobre todo aos concellos costeiros, por mor das actividades flutuantes do mar. A industria tamén ten presenza destacada, debido, tal e como indicamos, á proximidade ao polo da construción naval de Ferrolterra.

Concellos	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	Sector sen actividade
Cariño	22	15	15	115	11
Cedeira	27	36	20	235	27
Cerdido	14	5	5	22	3
Moeche	4	7	2	29	0
Ortigueira	17	42	26	208	18
San Sadurniño	9	13	23	87	13
Valdoviño	11	44	26	244	26
Total	104	162	117	940	98

Desemprego por sectores. Fonte: IGE (10/2019)

E por último, como é habitual, o sector de servizos acumula o 66% do desemprego, nunha porcentaxe moi semellante á das afiliacións á Seguridade Social.

Cambiando de póla, a estrutura empresarial vén definida por un número relativamente elevado de empresas, pero de pequeno tamaño, dado que o 76% son de traballadores e traballadoras por conta propia, e só un cuarto das empresas son sociedades, cooperativas ou outras figuras.

Concellos	Total de empresas	Persoas físicas	Sociedades e outras figuras
Cariño	337	265	72
Cedeira	699	528	171
Cerdido	117	95	22
Moeche	126	95	31
Ortigueira	622	477	145
San Sadurniño	237	185	52
Valdoviño	452	336	116
Total	2.590	1.981	609

Estrutura empresarial. Fonte: IGE (2017)

Chama a atención o elevado número de empresas de Cedeira e Ortigueira, así como as cifras de persoas autónomas, debido a que os núcleos urbanos destes

concellos son os únicos que manteñen unha rede activa de pequenos comercios e servizos de proximidade.

Se temos en conta as empresas polo número de persoas que empregan, comprobamos que todas as empresas do territorio son pequenas ou medianas. Non existe ningunha empresa que pase de 250 persoas asalariadas, e só unha, en Ortigueira, pasa das 100.

Desta maneira, a meirande parte dos negocios están compostos por persoas individuais ou como máximo con dúas asalariadas. Só 54 empresas teñen máis de 10 traballadores ou traballadoras.

Isto caracteriza a zona como un territorio de micro-empresas, coas repercusións limitativas que isto ten na xeración de emprego, en cantidade e de calidade.

Concellos	0-2 persoas asalariadas	03 - 09 persoas asalariadas	Máis de 10 persoas asalariadas
Cariño	305	23	9
Cedeira	631	56	12
Cerdido	103	11	3
Moeche	115	9	2
Ortigueira	564	43	15
San Sadurniño	216	14	7
Valdoviño	403	43	6
Total	2.337	199	54

Distribución de empresas por persoas asalariadas. Fonte: IGE (2017)

Concellos	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
Cariño	73	17	52	195
Cedeira	208	33	83	375
Cerdido	43	8	15	51
Moeche	46	9	18	53
Ortigueira	178	37	83	324
San Sadurniño	77	11	33	116
Valdoviño	95	21	69	267
Total	720	136	353	1.381

Distribución de empresas por sectores. Fonte: IGE (2017)

E se nos atemos aos sectores económicos, ollamos como o sector servizos segue a ser o máis importante, pero seguido pola agricultura e a pesca, o cal está

vinculado a pequenas explotacións agrícolas, pero tamén á xente do mar, tal e como se ve en Cedeira ou Ortigueira.

Algo semellante acontece co sector da construción, que en emprego non é moi importante, pero en número de empresas si, debido á atomización e a que moitas persoas profesionais do sector están como autónomas, para realizar reparacións, mantementos e pequenas obras.

E, dado que as actividades agrarias e gandeiras teñen unha repercusión directa na paisaxe e no mantemento da xestión do territorio, imos pararnos agora nos datos que ilustran este asunto.

Concellos	Superficie total (ha)	Superficie forestal (ha)	Superficie de cultivo e prado (ha)	Outras superficies (ha)
Cariño	4.719	3.921	362	437
Cedeira	8.542	6.710	1.233	599
Cerdido	5.272	4.107	1.146	18
Moeche	4.850	3.023	1.729	98
Ortigueira	20.960	16.551	3.593	816
San Sadurniño	9.898	6.562	2.826	510
Valdoviño	8.822	5.571	1.943	1.308
Total	63.063	46.445	12.832	3.786

Tipos de uso do solo. Fonte: IGE (2018)

Consonte o cadro precedente, case o 74% do territorio é terreo forestal, o 20% é agrario, e o 6% son outras superficies, como terreos urbanizados ou infraestruturas.

Entón, boa parte do territorio é superficie forestal que está, en boa parte, a excepción das zonas de cantís e dos cumios das serras, cuberto por plantacións de eucalipto, e en menor medida de piñeiros.

Esta situación está motivada polo abandono dos labores tradicionais no agro, e pola súa mudanza por sistemas produtivos máis "cómodos", como é o caso do monocultivo forestal.

No referente á superficie de cultivo e prados, a meirande parte das terras están dedicadas a pastos permanentes, e só unha parte residual son terras labradas.

Se atendemos ao tamaño das explotacións, veremos que a meirande parte é de pequeno tamaño, coincidentes co modelo minifundista clásico de Galicia. Así de 1.665 explotacións agrarias que había nos sete concellos en 2009, 904 tiñan en total menos de 5 hectáreas, e só 61 xestionaban máis de 50 hectáreas.

Tamén podemos recoller os datos das explotacións de gando bovino, debido á súa incidencia directa na xestión do territorio rural.

A continuación podemos ver como en 2018 estaban rexistrados 13.141 bovinos, case a metade ca o número total de persoas. A distribución por concellos non é uniforme, tendo Cerdido e Cariño o menor número de explotacións e de cabezas de gando, mentres Ortigueira e San Sadurniño están no extremo oposto.

Concellos	Número de explotacións	Número de bovinos	Número de vacas	Número de vacas de muxidura	Número de vacas de non muxidura	Outros bovinos
Cariño	36	404	254	1	253	150
Cedeira	183	2.199	1.253	1	1.252	946
Cerdido	70	724	402	144	258	322
Moeche	87	1.667	861	343	518	806
Ortigueira	203	4.265	2.394	256	2.138	1.871
San Sadurniño	158	2.847	1.530	885	645	1.317
Valdoviño	116	1.035	581	123	458	454
Total	853	13.141	7.275	1.753	5.522	5.866

Gando bovino. Fonte: IGE (2018)

Cómpre salientar que en Moeche hai máis vacas ca persoas, e que en Cedeira e Cariño as explotacións son totalmente destinadas a carne. Namentres, San Sadurniño conta coas maiores explotacións dirixidas á produción láctea, seguido de lonxe por Moeche e Ortigueira.

Concellos	Prazas de aloxamento	Hoteis, pensións e albergues	Turismo rural	Cámpings	Apartamentos	Vivendas turísticas e uso t.
Cariño	289	6	2	0	0	37
Cedeira	440	6	3	0	3	56
Cerdido	10	0	1	0	0	0
Moeche	27	1	1	0	0	0
San Sadurniño	29	0	1	0	0	2
Ortigueira	694	12	6	0	1	59
Valdoviño	921	5	2	3	0	26
Total	2.410	30	16	3	4	180

Prazas e tipoloxía de aloxamentos turísticos. Fonte: IGE (2019)

E por último, recolleamos algúns datos do **sector turístico**, moi vinculado ao proxecto do Xeoparque. Así, consonte os datos de 2019, hai 2.410 prazas de

alojamento, que é unha cantidade total axeitada. Pero a **distribución é totalmente irregular**, xa que os concellos turísticos, da costa, acumulan a maioría das prazas, e tamén dos establecementos, como é o caso de Cedeira, Ortigueira e, sobre todo, Valdoviño.

Os establecementos hoteleiros concéntranse nas vilas, destacando Ortigueira, e hai casas de turismo rural en todos os concellos, sumando un total de 16 establecementos. Os apartamentos só aparecen en Cedeira e Ortigueira. Ademais cómpre salientar que en todo o territorio só hai 3 cámpings, e están todos situados no Concello de Valdoviño, nas proximidades das praias, o que tamén explica o elevado número de prazas de alojamento existentes neste municipio.

Tamén hai que salientar o pulo que están tendo nos últimos tempos as vivendas turísticas ou de uso turístico, que están presentes en cinco concellos, aínda que se concentran sobre todo en Cedeira e Ortigueira, e en menor medida en Cariño e Valdoviño.

2.3. SITUACIÓN DE PARTIDA DA CANDIDATURA:

2.3.1. A figura dos Xeoparques:

A Terra conta con múltiples lugares nos que se pode “ler” a súa propia historia. Unha historia longa e complexa, onde as forzas colosais construíron e destruíron de forma constante a face do planeta. Pero eses cambios son dunha escala temporal e espacial que non se axeita á nosa existencia, polo que chegamos a considerar que a Terra é algo inmóbil e inmutable.

Eses sitios onde si se pode ver e ler a historia do planeta deben ser considerados **patrimonio xeolóxico**. Neste senso, o patrimonio xeolóxico é aquel que está formado por elementos que teñen uns valores científicos, didácticos, estéticos ou recreativos, así como de relevancia, representatividade ou singularidade especial. E se eses elementos patrimoniais posúen un alcance internacional, entón deben facer parte da rede de Xeoparques mundiais.

Así, os Xeoparques mundiais da UNESCO son espazos, que posúen unha continuidade xeográfica, onde os lugares e as paisaxes de relevancia xeolóxica internacional son xestionados de acordo cun concepto holístico de protección, educación e desenvolvemento socioeconómico sustentable.

O seu enfoque “de abaixo cara a riba”, que necesita da implicación das comunidades locais, asocia a conservación ao desenvolvemento sustentable.

Un Xeoparque, por tanto, en palabras de Luís Carcavilla, debe presentar un patrimonio xeolóxico notable e levar a cabo un proxecto de desenvolvemento baseado na súa promoción turística, de maneira que debe ter uns obxectivos económicos e de desenvolvemento ben claros.

A declaración dun Xeoparque baséase en tres principios:

- 1) A existencia dun patrimonio xeolóxico que sirva de protagonista e eixo condutor
- 2) A posta en marcha de iniciativas de xeoconservación e divulgación dese patrimonio
- 3) A promoción do desenvolvemento socioeconómico e cultural a escala local

Polo tanto, tres son os piares que sustentan a creación e o funcionamento dun Xeoparque: patrimonio xeolóxico, xeoconservación e desenvolvemento local.

Por iso, os Xeoparques deben ter uns límites claramente definidos e unha extensión axeitada para asegurar o desenvolvemento económico da zona, podendo incluír áreas terrestres, marítimas ou subterráneas.

Ora ben, unha vez outorgado o certificado de Xeoparque mundial da UNESCO, este non ten validez indefinida. De facto, cada catro anos, o Xeoparque é reavaliado, e mesmo pode chegar a perder a súa condición de Xeoparque mundial da UNESCO se non cumpre cos requisitos mínimos imprescindibles.

Nestas avaliacións valórase especialmente o desenvolvemento do xeoturismo, a conservación do medio natural e a colaboración e participación na rede de Xeoparques.

Dende o ano 2013 a Rede Europea de Xeoparques, e dende 2015 a propia UNESCO, esixen aos territorios aspirantes que contén co apoio expreso da Comisión Nacional Española de Cooperación coa UNESCO para presentaren as súas candidaturas.

Así mesmo, os Xeoparques mundiais UNESCO deben contar con esa carta de apoio da Comisión Nacional para tramitaren as súas revalidacións cuadrienais.



Logotipo dos Xeoparques mundiais da UNESCO

No ano 2019 existen 147 Xeoparques en todo o mundo, en 41 países, e hai aproximadamente unhas 20 novas candidaturas anuais.

En España hai 13 Xeoparques, sendo o segundo Estado con maior número, logo da China.

O comezo desta figura está no ano 2000, cando 4 territorios crean a Rede Europea de Xeoparques, mercé a un proxecto de cooperación financiado pola Unión Europea. Debido ao crecente interese por esta figura, e á súa extensión a outras partes do Mundo, no ano 2004 se crea a Rede mundial de Xeoparques.

Co paso do tempo, no ano 2015 a propia UNESCO aproba a creación do Programa Internacional de Ciencias da Terra e Xeoparques (cuxas siglas en francés son PIGG), e dá acubillo aos xeoparques existentes, que pasaron a denominarse Xeoparques mundiais da UNESCO e se incluíron na rede global (*Global Geoparks Network*). Polo tanto, a partir dese momento os Xeoparques son unha marca a nivel internacional, vinculada á UNESCO, e polo tanto á cultura, á educación e á conservación do patrimonio.

Os xeoparques españois son os seguintes:

- Molina-Alto Tajo (Guadalaxara)
- Conca de Tremp-Montsec (Lleida)
- Las Loras (Burgos e Palencia)
- Cabo de Gata-Nijar (Almería)
- Sierras Subbéticas (Córdoba)
- Sobrabe (Huesca)
- Costa Vasca (Guipúscoa)
- Sierra Norte de Sevilla
- Villuercas-Ibores-Jara (Cáceres)
- Catalunya Central (Barcelona)
- Lanzarote y Archipiélago Chinijo
- El Hierro
- Montañas do Courel

Boa parte dos Xeoparques españois están relacionados con relevos calcarios ou volcánicos, polo que o proxecto do Cabo Ortegal viría a ampliar a variedade de ámbitos xeolóxicos, tendo en conta que se trata dun territorio formado a raíz das oroxenias Varisca e Alpina, e cun tipo de rochas totalmente diferentes ao resto de Xeoparques do Estado.

2.3.2. O proceso de candidatura:

Aqueles territorios que consideren que contan con recursos e cos medios necesarios para poderen ser un Xeoparque, deberán preparar unha candidatura tendo en conta que serían precisos os seguintes **aspectos básicos**:

- Contar con patrimonio xeolóxico de relevancia internacional
- Contar con outros recursos territoriais: historia, paisaxes, gastronomía...

- Dotarse dunha estratexia territorial, con obxectivos e medios, e perspectiva de futuro
- Ter uns límites xeográficos definidos, como poden ser os termos municipais
- Ter unha superficie dabondo
- Contar cun orzamento e estabilidade económica
- Dotarse dunha estrutura de xestión, quer administrativa, quer científica

Deste xeito, o territorio aspirante a converterse en Xeoparque mundial da UNESCO debe tramitar a presentación da súa candidatura de acordo co **procedemento** que se establece de seguido.

27

1) Manifestación previa de interese: O territorio aspirante debe enviar a seguinte documentación, por vía telemática, ao Comité Nacional Español de Xeoparques, en diante Comité, (cnegeoparques@igme.es) antes do **1 de abril** de cada ano:

- Carta asinada pola persoa responsable do proxecto, comunicando a intención de presentar a candidatura e solicitando unha carta de apoio á mesma da Comisión Nacional.
- Carta de apoio da Dirección Xeral competente da Comunidade Autónoma correspondente. O nova Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, indica que debe someterse aos trámites de información pública e de consulta ás administracións afectadas.
- Memoria cunha extensión máxima de 10 páxinas, tipo de letra Arial 10 pt, que inclúa os apartados que figuran no ANEXO 1.
- Arquivo shape (*.shp) ou equivalente coa delimitación detallada do Xeoparque.

Recibida a documentación, as persoas que ocupen a Presidencia ou a Secretaría do Comité comprobarán se está completa e informarán á Comisión Nacional Española de Cooperación coa UNESCO, para que esta transmita a manifestación previa de interese do territorio candidato á Secretaría do PICGG, antes do 1 de maio, informando diso á Secretaría do Comité.

Unha vez transmitida a manifestación previa de interese á UNESCO, a Secretaría do Comité notificarao ao territorio aspirante para que proceda a iniciar un procedemento de información pública da proposta de creación de Xeoparque mundial da UNESCO.

ANEXO 1
MEMORIA PARA SOLICITUD DE TRAMITACIÓN DE CANDIDATURAS A GEOPARQUE
MUNDIAL DE LA UNESCO

Nombre del geoparque propuesto:
Provincia/s:
Entidad/es promotora/s:
Persona/s de contacto/s (nombre y dirección de correo electrónico):

1.- DELIMITACIÓN:

Delimitación precisa y concreta de los límites del territorio del geoparque, incluyendo un mapa detallado del mismo (adjuntar archivo georreferenciado .shp),
Se deberán indicar los criterios utilizados para la selección del perímetro, la superficie del territorio, adscripción administrativa (términos municipales incluidos) y una estimación de la población residente.

2.- INFORME GEOLÓGICO DEL TERRITORIO:

Informe que resuma las características geológicas del espacio, señalando la contribución que dicho geoparque aporta a la Red Europea de Geoparques, y analizando su grado de complementariedad con los geoparques existentes en España.

La memoria deberá relacionar un inventario de "geositios". Deberá exponerse la metodología con la que se ha realizado dicho inventario, que debe incluir la descripción, localización y valoración de los elementos más singulares y representativos del patrimonio geológico del área, indicando en su caso, los pertenecientes al listado del proyecto Global Geosites español.

Se documentarán las medidas de protección jurídica existentes o adoptadas para la protección de los "geositios" de relevancia internacional.

3.- INFORME SOBRE LA ESTRATEGIA ADOPTADA COMO GEOPARQUE:

La memoria relacionará las acciones previstas, las inversiones dispuestas y los compromisos firmados entre administraciones, instituciones, empresas y otras organizaciones para garantizar que ese territorio se comporta de facto como un geoparque, desde el punto de vista de la conservación del patrimonio, de la educación o del desarrollo sostenible.

Se aportarán datos acerca de las pautas que planea seguir el futuro geoparque en materia educativa y de qué manera está prevista la participación de la comunidad educativa.

Igualmente se aportarán datos acerca del producto o productos turísticos que se prevén, plan de marketing si existe, y cómo está prevista la participación del sector turístico en este nuevo producto.

4.- RECURSOS TÉCNICOS:

La memoria detallará los recursos humanos y medios técnicos con los que cuenta el organismo gestor del geoparque dedicados a garantizar la conservación del patrimonio natural/cultural, y a promover el desarrollo sostenible, fruto de la gestión apropiada del medio geológico. Se mencionará expresamente si cuentan con un profesional de las Ciencias de la Tierra (geología, geomorfología, etc.) para el asesoramiento en materia científica, especificando si pertenece al organismo gestor del geoparque o si está vinculado al mismo mediante un acuerdo formalizado con alguna institución científica que garantice la disponibilidad de un contacto continuado. Por otra parte, deberá especificar si cuenta con un profesional del ámbito de la gerencia o del desarrollo económico local, incluido el turismo.

5.- AVALES:

La memoria deberá incluir el aval o apoyo de las instituciones presentes en el territorio. Deberán adjuntarse copias de las cartas de apoyo recibidas hasta el momento.

2) Presentación da candidatura: O territorio aspirante debe enviar a seguinte documentación por vía telemática, ao Comité (cnegeoparques@igme.es) antes do 1 de xuño:

- Dossier de candidatura completo, segundo o modelo que está dispoñible no sitio web dos Xeo parques mundiais da UNESCO.
- Copia do anuncio no diario oficial da provincia ou da comunidade autónoma (se o territorio se enclava en máis dunha provincia) que corresponda, do inicio do procedemento de información pública da proposta de creación de Xeo parque Mundial da UNESCO. Finalizado o mesmo, o promotor ou responsable do proxecto completará a documentación enviando ao Comité, antes do 15 de xullo, unha copia da publicación no Diario Oficial da resolución do expediente de información pública, resumindo as alegacións de todos os que interviñesen no trámite e as correspondentes contestacións motivadas.

As solicitudes que presenten defectos de forma ou información incompleta serán devoltas ao remitente para a súa corrección.

As persoas promotoras presentarán as candidaturas ao pleno do Comité na súa reunión ordinaria do mes de xuño ou xullo, nun tempo máximo de 30 minutos por candidatura. A esta reunión ordinaria do Comité será convidado un representante da Comunidade Autónoma correspondente, se non formase parte aínda do Comité, para que precise o grao de apoio da Comunidade ao proxecto de Xeo parque.

O Comité Nacional Español de Xeo parques analizará as candidaturas e a documentación achegada polas candidaturas antes de emitir o seu informe á Comisión Nacional Española de Cooperación coa UNESCO, que deberá recibilo antes do 31 de xullo. Cando deste informe se desprenda a necesidade de mellora de determinados aspectos candidatura, a Secretaría do Comité poñerá en coñecemento do territorio aspirante para a súa corrección.

Unha vez emendado o documento, será enviado antes do 20 de setembro á Secretaría do Comité, quen informará á Comisión do alcance e idoneidade das melloras efectuadas.

Á vista destes informes recibidos, a Comisión Nacional decidirá sobre a oportunidade de apoiar as candidaturas recibidas, redactará as eventuais cartas de apoio, e enviará por vía telemática, entre o 1 de outubro e 30 de novembro, os dossiers completos das candidaturas finalmente apoiadas á Secretaría do PICGG, informando diso á Secretaría do Comité e aos territorios aspirantes.

3) Avaliación por parte da UNESCO: entre o 30 de novembro e o 30 de abril do ano seguinte a Secretaría do PICGG avaliará os documentos das candidaturas.

Entre o 1 de maio e o 15 de agosto poderá realizarse unha misión de avaliación sobre o terreo a cargo de dous avaliadores estranxeiros. Nesta altura hai uns 70 avaliadores a nivel mundial, que se encargan das candidaturas e das avaliacións de seguimento, que se levan a cabo cada 4 anos.

No caso de que se identifique algunha incidencia, trasladarase ao aspirante, ao igual ca o prazo de amaño.

Se todo vai ben, no mes de setembro o Consello dos Xeoparques mundiais da UNESCO propón a súa decisión á Dirección Xeral da UNESCO.

E por último, na primavera seguinte o Consello Executivo da UNESCO emite a súa decisión definitiva sobre as candidaturas presentadas. Trasládalle a súa decisión á Secretaría do PICGG, á Comisión Nacional e ao CNEG e este a os aspirantes. E se procede á DECLARACIÓN DE XEOPARQUE MUNDIAL UNESCO por parte da Dirección Xeral da UNESCO.

4) Procedemento para a presentación de expedientes de revalidación: unha vez lograda a declaración de Xeoparque é requisito imprescindible pasar, cada 4 anos, un proceso de reavaliación, para asegurar que se manteñen as condicións, e mesmo se melloran.

Neste caso o procedemento para a presentación de expedientes de revalidación comezará enviando ao Comité, antes do 1 de maio do ano anterior ao establecido para a revalidación, un resumo dunha páxina do Xeoparque, para o seu traslado á Secretaría do PICGG.

Antes do 15 de novembro do ano anterior á revalidación, o Xeoparque enviará ao Comité (cnegeoparques@igme.es) por vía telemática, o expediente completo de revalidación, xunto coa solicitude de apoio á Comisión Nacional e as recomendacións do Consello de Xeoparques Mundiais recibidas en anteriores procedementos de revalidación ou avaliación.

A Secretaría do Comité comprobará que a documentación está completa e que cumpre co especificado nas Directrices Operativas dos Xeoparques Mundiais da UNESCO. As solicitudes que presenten defectos de forma ou información incompleta serán devoltas ao Xeoparque para o seu amaño. A Presidencia do Comité emitirá o correspondente informe que será enviado á Comisión Nacional xunto coa documentación completa achegada, antes do 10 de xaneiro do ano da revalidación.

Á vista deste informe, a Comisión Nacional decidirá sobre a oportunidade de apoiar a solicitude de revalidación, redactará a eventual carta de apoio e enviará, por vía telemática, á Secretaría do PICGG, antes do 1 de febreiro o expediente completo de revalidación, informando diso á Secretaría do Comité e ao Xeoparque interesado.

Posteriormente os avaliadores estranxeiros farán unha nova visita ao Xeoparque para emitir o seu informe.

Aqueles Xeoparques que non cumpran algunha norma ou onde non se deran alcanzados os obxectivos previstos, serán amoestados, tendo dous anos para emendar as deficiencias. En caso de non facelo, serían expulsados da Rede, coa posibilidade de seren readmitidos máis adiante sempre e cando emendasen os problemas detectados.

Por outra banda, cómpre salientar que **cada Estado pode propoñer 2 novas candidaturas cada ano**, e que España ten xa moitos Xeoparques aprobados, o cal pode dificultar, ou retrasar, que se aproben outros novos.

2.3.3. A creación do proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal:

O territorio que abrangue o proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal é moi coñecido e estudado pola comunidade científica de moitas partes do mundo dada a súa gran xeodiversidade.

Esta xeoloxía pode servir de eixo principal dunha estratexia de desenvolvemento sostible, dado que no territorio existe unha ampla oferta de recursos patrimoniais, culturais, gastronómicos e deportivos, que en moitos casos xa son un referente no seu ámbito.

Neste senso, o proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal é unha oportunidade única para que todos eses recursos poidan ser empregados de xeito conxunto e así dar maior visibilidade, coñecemento e promoción a este territorio tan singular.

Pero a decisión de enrolarse neste proxecto non xorde de súpeto, senón que a súa xeración foi **xestándose ao longo dos últimos 9 anos**. De seguido enuméranse cronoloxicamente os acontecementos máis destacados dende que xurdiu a idea de converter este territorio en Xeoparque:

- 2010, o Concello de Cedeira e Francisco Canosa propoñen crear un parque xeolóxico na serra da Capelada e se deseña unha exposición de rochas ao aire libre xunto ao río Condomiñas.
- 2010, o Club Montaña Ferrol publica un folleto sobre o sendeirismo no Concello de Cedeira, o cal inclúe información xeolóxica.
- 2010, o Concello de Cariño e xeólogos de diferentes universidades elaboran e editan unha guía de campo sobre a xeoloxía do Complexo do Cabo Ortegal.
- 2012, a Fundación Federico Maciñeira organiza un curso de xeoloxía na Serra da Capelada coa idea de promocionar e dar a coñecer a súa riqueza xeolóxica.
- 2013, o Concello de Cedeira instala 8 paneis informativos sobre a xeoloxía do seu territorio.
- 2014, o Concello de Cariño, xunto coa Universidade Complutense de Madrid, organizan o "Geolodía" da provincia da Coruña.
- 2014, a Sociedad Española de la Ciencia del Suelo realiza, durante o *VI Congreso Ibérico de la Ciencia del Suelo*, unha visita á Serra da Capelada, e así mesmo editada unha guía de campo sobre o Complexo do Cabo Ortegal.

- 2014, os promotores do proxecto do Xeoparque organizan en Cerdido a primeira mesa redonda cos alcaldes e alcaldesas dos concellos nos que se estende o Complexo xeolóxico do Cabo Ortegal.
- 2014, rexístrase na Xunta de Galicia o anteprojecto do Xeoparque do Cabo Ortegal, coas cartas de apoio dos concellos implicados
- 2014, o diario “La Voz de Galicia” faise eco por primeira vez sobre o proxecto do Xeoparque.
- 2015, créase a Asociación de Amigos do Parque Xeolóxico do Cabo Ortegal coa idea de divulgar o proxecto entre o público en xeral. O blog da asociación é o seguinte: <http://parqueortegal.blogspot.com/>
- 2015, Publícase unha guía xeolóxica divulgativa sobre as xeorutas no Concello de Cedeira.



Logotipo da Asociación de Amigos do parque xeolóxico do Cabo Ortegal

- 2015, no mes de abril, a Asociación de Amigos do Parque Xeolóxico do Cabo Ortegal organiza mesas redondas en cada un dos 8 concellos implicados inicialmente no proxecto, coa idea de dálo a coñecer entre a poboación local.
- 2015, a raíz destas xornadas realízase un primeiro borrador para unha futura asociación para a xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal. Finalmente queda suspendida, debido aos cambios políticos nas corporacións locais e na Deputación provincial.
- 2015, a Asociación de Amigos do Parque Xeolóxico do Cabo Ortegal organiza unha mesa redonda sobre o proxecto do Xeoparque no Museo da Sociedade Galega de Historia Natural de Ferrol.
- 2015, a Sociedade Galega de Historia Natural organiza en Valdoviño o “Geolodía” da provincia da Coruña.

- 2015, o xeólogo Francisco Canosa presenta un traballo sobre o patrimonio xeolóxico do proxecto do Xeoparque no *XI Congreso de Patrimonio Xeolóxico* da Sociedad Geológica Española.
- 2015, a Asociación de Amigos do Parque Xeolóxico do Cabo Ortegal organiza a segunda mesa redonda cos alcaldes dos concellos implicados no proxecto despois dos cambios nas corporacións municipais.
- 2015, a Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol publica un folleto sobre o proxecto do Xeoparque e os seus lugares de interese xeolóxico.
- 2015, AEPECT-Galicia e a Asociación de Amigos do Parque Xeolóxico do Cabo Ortegal organizan “Sábados Xeolóxicos no Ortegal” coa idea de divulgar o proxecto e a súa xeoloxía.
- 2015, Nacen as xeorutas nos concellos do proxecto do Xeoparque, sendo o concello de Moeche o primeiro en inicialas.
- 2016, a TVG inclúe no seu programa “Vivir aquí” información sobre o proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal, e posteriormente “V televisión” tamén faise eco do proxecto.
- 2016, a Fundación Ortegalia organiza un curso sobre patrimonio xeolóxico e o proxecto do Xeoparque.
- 2016, o Concello de Cedeira organiza uns obradoiros de minerais para dar a coñecer a riqueza xeolóxica do seu territorio, a raíz dun grande achádego mineralóxico nos cantís de Herbeira.
- 2016, “V televisión” difunde dous vídeos sobre a xeoloxía do proxecto, nomeadamente sobre a Mina Piquito e a Praia de Teixidelo, que teñen gran repercusión nos medios e redes sociais, e dan a coñecer a riqueza xeolóxica deste territorio.
- 2016, os concellos de Moeche e Cedeira promocionan o seu patrimonio xeolóxico mediante as “xeorutas” de verán.
- 2016, o Concello de Cariño organiza as *IV Xornadas de Patrimonio e Desenvolvemento Local* nas que o proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal é a temática escollida.
- 2017, Nova reunión de alcaldes e alcaldesas do proxecto, na que se acorda facer unha exposición itinerante polos concellos para dar a coñecer o proxecto e tamén na feira anual de minerais de Santiago de Compostela.
- 2017, os alcaldes e alcaldesas do proxecto visitan o Xeoparque da Costa Vasca para coñecer de primeira man a experiencia e funcionamento deste Xeoparque.
- 2017, decídese constituír unha Comunidade Intermunicipal de servizos públicos consorciados, entre os 7 concellos e a Deputación, ao abeiro das bases aprobadas polo organismo provincial en 2013. Trátase dunha comunidade sen personalidade xurídica, que é un espazo virtual de

cooperación entre concellos, fomentado e apoiado pola Deputación. Tanto os recursos humanos como financeiros serán directamente dos concellos ou da Deputación.

- 2017, a Asociación de Amigos do Parque Xeolóxico do Cabo Ortegal organiza na Serra do Forgoselo o “Geolodía” da provincia da Coruña.
- 2017, o Museo da SGHN de Ferrol alberga de forma permanente unha exposición sobre o proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal.
- 2018, o 10 de abril celébrase a sesión constitutiva do consello de dirección da Comunidade Intermunicipal, e se debate sobre unha proposta de prego para a contratación da asistencia técnica para redactar un plan director, así como o nome do proxecto.
- 2018, os días 20, 21 e 22 de maio Asier Hilario Orús, coordinador científico do Xeoparque da Costa Vasca fai unha visita ao territorio, convidado pola Deputación, para coñecer os recursos existentes e para orientar o traballo necesario para preparar a candidatura.
- 2018, no mes de xullo unha delegación do departamento de Turismo da Deputación, e máis o técnico de desenvolvemento local de San Sadurniño participan nun curso de verán da Universidad Internacional Menéndez Pelayo titulado “Patrimonio geológico, geoparques y geoturismo”, que tivo lugar en Aínsa (Huesca), no Xeoparque do Sobrarbe. Os docentes son Luís Carcavilla Urquí, do Instituto Geológico y Minero, Ánchel Belmonte Ribas, coordinador científico do Xeoparque do Sobrarbe e Asier Hilario Orús, coordinador científico do Xeoparque da Costa Vasca.
- 2018, o proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal volve promocionarse na feira de minerais de Santiago de Compostela.
- 2018, a Deputación contrata o deseño do logotipo do proxecto, sendo entregado en outubro dese ano.
- 2018, o Deputado provincial, Xosé Regueira visita o Xeoparque da Costa Vasca.
- 2019, para a feira FITUR a Deputación edita un folleto informativo sobre o proxecto do Xeoparque, para repartir no stand provincial.
- 2019, a Deputación da Coruña leva a B-Travel o proxecto do Xeoparque como iniciativa prioritaria de promoción turística.
- 2019, o Concello de Cariño e xeólogos de diferentes universidades reeditan a guía de campo sobre a xeoloxía do Complexo de Cabo Ortegal de 2010.
- 2019, a Deputación da Coruña organiza as I Xornadas de divulgación sobre o proxecto do Xeoparque. O primeiro día houbo unha exposición xeral dos xeoparques e das potencialidades xeolóxicas e de desenvolvemento do territorio. A segunda xornada tivo lugar en Ortigueira, na que se coñeceron as experiencias dos Xeoparques da Costa Vasca, Arouca e Courel. E o

terceiro día decorreu unha saída guiada por diferentes puntos de interese do interior do territorio.

- 2019, a Comunidade intermunicipal celebra varias xuntanzas, nas que deciden promover o proceso da candidatura, realizar o Plan de acción e crear unha asociación de concellos para a xestión do Xeoparque.
- 2019, no mes de outubro unha delegación dos concellos promotores visita o Xeoparque das Loras (Burgos), no marco das *V Jornadas abertas del Foro de los geoparques de España*.
- 2019, a Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol e a Deputación da Coruña organizan varias xornadas informativas sobre o proxecto do Xeoparque nos 7 concellos implicados.
- 2019, xuntanza coa Directora Xeral de Patrimonio Natural, o 20/11/2019, entre os alcaldes de Cariño e San Sadurniño, a alcaldesa de Moeche e o técnico de desenvolvemento local de San Sadurniño, para presentarlle o proxecto e solicitar o apoio da Xunta de Galicia.

2.4. NORMATIVA DE INTERESE:

2.4.1. Marco internacional:

Como xa se indicou anteriormente, a figura dos Xeoparques non está especificamente regulada no ordenamento xurídico en vigor, debido á súa recente creación, e a que está vinculada a un organismo de carácter internacional, como é a UNESCO, que carece de capacidade legislativa.

Cómpre lembrar que os Xeoparques mundiais son incorporados á **UNESCO** en 2015, e que é unha figura semellante a outras iniciativas como son as Reservas de Biosfera ou o sitios Patrimonio da Humanidade.

A Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura, é unha organización vinculada á ONU, creada en 1945, e con sede en París. A UNESCO trata de establecer a paz mediante a cooperación internacional en materia de educación, ciencia e cultura. Ademais, os programas da UNESCO contribúen ao logro dos obxectivos de desenvolvemento sustentable definidos no Programa 2030, aprobado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en 2015.

A UNESCO nace logo da II Guerra Mundial asumindo que a paz debe basearse no diálogo, a comprensión mutua e a solidariedade intelectual e moral da humanidade. Con este espírito, vén elaborando instrumentos educativos para axudar a cada persoa a vivir como unha cidadá do mundo; traballa para garantir que todo o mundo teña acceso a unha educación de calidade; reforza os vínculos entre as nacións promovendo o patrimonio cultural e a igualdade de todas as culturas; apoia programas e políticas científicas que son plataformas para o desenvolvemento e a cooperación; defende a liberdade de expresión como un

dereito fundamental e unha condición esencial para a democracia e o desenvolvemento; e actúa como laboratorio de ideas, axudando aos países a adoptaren normas internacionais.

Para lograr todo isto, a UNESCO xestiona programas que promoven a libre circulación das ideas e o intercambio de coñecementos. Neste senso, traballa en cinco áreas ben definidas:

- Educación
- Cultura
- Ciencias naturais
- Ciencias humanas e sociais
- Comunicación e información

E os programas específicos que desenvolve son:

- Sitios patrimonio mundial
- Patrimonio cultural inmaterial
- Cidades creativas
- Rexistro da memoria do mundo
- Reservas da biosfera
- Rede mundial de Xeoparques
- Atlas das linguas do mundo en perigo

Polo tanto, a **figura de Xeoparques non ten repercusións legais**, e non supón que o territorio abranguido neste ámbito vaia ter unhas limitacións, restricións ás actividades económicas ou un ordenamento xurídico específico. A **UNESCO só esixe que se cumpran os obxectivos do programa e que a xestión se adapte ás leis e normas propias do país.**

De forma paralela, e tamén na órbita da ONU, en 2008 a raíz da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, na que se promulgou ese ano como "Ano Internacional do Planeta", a Unión Internacional para a Conservación da Natureza (UICN) aprobou a resolución 4.040 dedicada á "Conservación da xeodiversidade e o Patrimonio Xeolóxico". No seu texto reflíctese o interese dos organismos internacionais por protexer o patrimonio xeolóxico promovendo actividades de divulgación, obradoiros e seminarios destinados a dar a coñecer a importancia da Xea e como protexela.

Por outra banda, tamén na esfera internacional, temos que salientar que a Unión Europea non ten competencias neste ámbito, polo que non existe normativa comunitaria propia, malia que si hai para o caso da biodiversidade, como é o caso das Directivas de Hábitats e de Aves, que son as que dan corpo legal á Rede Natura 2000.

2.4.2. Marco estatal:

A nivel estatal **tampouco existe unha normativa específica** dos Xeoparques.

A meirande parte das competencias sobre espazos protexidos e conservación do patrimonio natural están transferidas ás Comunidades Autónomas, sendo moi escasa a lexislación estatal nestes sectores.

En todo caso, si cómpre salientar a existencia da **Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio e da Biodiversidade**, que establece o réxime xurídico básico da conservación, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade.

Nesta lei establécense como principios inspiradores a promoción dun uso ordenado dos recursos para garantir o uso sostible do patrimonio natural e a integración dos requisitos de conservación, uso, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade nas políticas sectoriais.

Malia ser unha lei de 2007, xa incluíu definicións relacionadas co patrimonio xeolóxico:

Xeodiversidade ou diversidade xeolóxica: variedade de elementos xeolóxicos, incluídos rochas, minerais, fósiles, solos, formas do relevo, formacións e unidades xeolóxicas e paisaxes que son o produto e rexistro da evolución da Terra

Xeoparques ou parques xeolóxicos: territorios delimitados que presentan formas xeolóxicas únicas, de especial importancia científica, singularidade ou beleza e que son representativos da historia evolutiva xeolóxica e dos eventos e procesos que as formaron. Tamén lugares que destacan polos seus valores arqueolóxicos, ecolóxicos ou culturais relacionados coa Xea

Patrimonio xeolóxico: conxunto de recursos naturais xeolóxicos de valor científico, cultural e/ou educativo, xa sexan formacións e estruturas xeolóxicas, formas do terreo, minerais, rochas, meteoritos, fósiles, solos e outras manifestacións xeolóxicas que permiten coñecer, estudar e interpretar: a) a orixe e evolución da Terra, b) os procesos que modelaron, c) os climas e paisaxes do pasado e presente e d) a orixe e evolución da vida

Ademais, a lei obriga ao Ministerio, hoxe da Transición ecolóxica, en colaboración coa Comunidades Autónomas e outras institucións e organizacións de carácter científico, económico e social, a elaborar e manter actualizado un Inventario Español do Patrimonio Natural e de a Biodiversidade.

Neste senso, o anexo VIII da lei recolle os ámbitos máis representativos que deberá ter en conta ese inventario en referencia á xeodiversidade, incluíndo entre as unidades xeolóxicas máis representativas as vinculadas á oroxenia Varisca no Macizo Ibérico, e entre os contextos xeolóxicos de España de relevancia mundial os complexos ofiolíticos da Península Ibérica, entre os que destaca o do Cabo Ortegal.

Polo tanto, a propia Lei 42/2007 reconece a xeoloxía do complexo do Cabo Ortegal como unha das máis salientables a nivel estatal, e mesmo de relevancia mundial.

2.4.3. Marco galego:

Malia que as competencias sobre biodiversidade e patrimonio natural recaen especialmente nas Comunidades Autónomas, Galicia non desenvolveu amplamente as súas capacidades neste ámbito.

Practicamente houbo que agardar a 2001 para ter unha norma propia neste ámbito, coa publicación da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza. En todo caso, naquela altura non era habitual falar de xeoconservación, e polo tanto a lei centrouse na regulamentación dos espazos naturais protexidos, e na conservación da biodiversidade.

Por sorte, esta situación mudou no presente ano 2019, coa publicación da **Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia**, publicada no DOG nº 149, do 07/08/2019, e que, por vez primeira, regula a figura dos Xeoparques en Galicia.

No seu artigo primeiro sinala que o obxecto da lei é establecer o réxime xurídico da conservación, do uso sustentable, da mellora e da restauración do patrimonio natural, da biodiversidade e da **xeodiversidade**.

Entre os principios xerais da lei está, entre outros, a conservación e a preservación da variedade, a singularidade e a beleza dos ecosistemas naturais, **da diversidade xeolóxica** e da paisaxe (Art. 2.d).

Namentres no artigo terceiro, de definicións, inclúense a Xeodiversidade e a propia figura de Xeoparques, co seguinte contido, moi semellante ao indicado na lei estatal:

35) Xeodiversidade ou diversidade xeolóxica: a variedade de elementos xeolóxicos, incluídos as rochas, os minerais, os fósiles, os solos, as formas do releve, as formacións e as unidades xeolóxicas e as paisaxes, que son o produto e o rexistro da evolución da Terra.

36) Xeoparques ou parques xeolóxicos: os territorios delimitados que presentan formas xeolóxicas únicas, de especial importancia científica, singularidade ou beleza e que son representativos da historia evolutiva xeolóxica e dos eventos e procesos que as formaron. Tamén os lugares que destacan polos seus valores arqueolóxicos, ecolóxicos ou culturais relacionados coa xea.

Os artigos 5, 6 ou 12 da lei fan mención, entre outros asuntos, á necesaria colaboración e cooperación entre Administracións para fomentar a conservación e o uso sustentable do patrimonio natural, así como a divulgación e o desenvolvemento de modelos de turismo compatibles cos obxectivos da lei.

Noutra orde de cousas, a lei tamén desenvolve as diferentes categorías de espazos naturais protexidos, como son a reserva natural, parque, monumento natural, zona húmida protexida, paisaxe protexida, espazo protexido Rede Natura 2000, espazo natural de interese local e espazo privado de interese natural.

Con respecto aos **monumentos naturais**, esta pode ser unha figura que podería adaptarse a determinados elementos do Xeoparque, xa que poden ser declarados como tales, entre outros as formacións xeolóxicas, os xacementos paleontolóxicos e mineralóxicos, os estratotipos e os demais elementos da Xea que reúnan un interese especial pola singularidade ou a importancia dos seus valores científicos, culturais ou paisaxísticos.

Cómpre salientar que **a lei non cualifica os Xeoparques como espazos naturais protexidos**, senón como áreas protexidas por instrumentos internacionais, neste caso pola UNESCO.

A novidade que nos interesa nesta lei é que os artigos 77 e 78 regulan a figura dos Xeoparques, co seguinte contido literal:

Artigo 77. Xeoparques. No ámbito territorial de Galicia, poderanse propoñer para a súa declaración como xeoparques as zonas que cumpran cos estándares establecidos pola UNESCO (Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura).

Artigo 78. Procedemento de elaboración dunha proposta de declaración de xeoparque. 1. A elaboración dunha proposta de declaración dunha zona como xeoparque poderaa iniciar, ou ben a consellaría competente en materia de conservación do patrimonio natural, ou ben outras administracións, ou ben aquelas entidades que, de acordo coa normativa aplicable, poidan efectuar tal proposta.

2. As administracións que promovan a declaración deberán someter a proposta de declaración aos trámites de información pública e de consulta ás administracións afectadas.

3. A proposta de declaración de xeoparque que non sexa iniciada pola consellaría competente en materia de conservación do patrimonio natural, para ser remitida á Comisión Nacional Española de Cooperación coa UNESCO (Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura), deberá contar cunha carta de apoio desta consellaría, na forma que determine a dita comisión.

4. A proposta de declaración de xeoparque promovida pola consellaría competente en materia de conservación do patrimonio natural será aprobada mediante un acordo do Consello da Xunta de Galicia.

5. A proposta de declaración de xeoparque remitirase, logo da súa aprobación no suposto previsto na alínea anterior, á Comisión Nacional Española de Cooperación coa UNESCO para os efectos oportunos. As entidades promotoras estarán obrigadas a lle comunicar esta remisión á consellaría competente en materia de conservación do patrimonio natural.

6. Cada xeoparque constituirá un órgano de xestión no que estarán representados todos os actores sociais do espazo e que terá, entre outras funcións, a emisión de informes, como mínimo cada catro anos, sobre a situación do espazo.

Por último, cómpre salientar que a disposición transitoria segunda indica que os LIC, ZEC ou ZEPA declaradas terán a consideración de espazos protexidos Rede Natura 2000. Polo tanto os espazos abranguidos no Xeoparque que xa están na dita Rede Natura 2000 terán que xestionarse consonte o que indica a propia lei.

Por outra banda, e malia que pode haber outra normativa sectorial que pode ter incidencia no proxecto do Xeoparque, sobre todo no referente á paisaxe, á educación ou á promoción económica local, queremos citar a regulación de ámbito turístico.

Así, a **Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia**, é a norma fundamental sobre turismo en Galicia, tendo en conta que esta é unha competencia propia da Comunidade Autónoma.

En todo caso, consonte o artigo 3, os concellos tamén son competentes en materia de turismo, e o artigo 5 establece as seguintes competencias municipais:

- a) A protección e a promoción dos recursos turísticos do seu termo municipal.*
- b) O desenvolvemento de infraestruturas turísticas no ámbito da súa competencia.*
- c) Promover a declaración de municipio turístico e de festas de interese turístico.*
- d) A potenciación e a promoción da denominación de xeodestino, segundo a definición contida no artigo 23.1, do que formen parte, sempre baixo a marca turística «Galicia».*
- e) A colaboración coa Administración autonómica en proxectos e iniciativas de fomento e promoción turística instrumentada a través de fórmulas cooperativas axeitadas en cada caso.*
- f) A posibilidade de participación, por instancia da Administración autonómica, no proceso de elaboración de plans de ordenación, promoción e investimento en materia turística.*
- g) O exercicio das competencias turísticas que lles sexan atribuídas pola Administración da Xunta de Galicia, de acordo co establecido pola lexislación de réxime local.*
- h) A colaboración coa Xunta de Galicia na protección dos dereitos das usuarias e dos usuarios turísticos.*

2.4.4. Marco local:

Para rematar este apartado, faremos unha breve alusión ás competencias municipais no referente á participación dos concellos nos Xeoparques.

Tal e como vimos nas normas estatais e galegas, as Administracións públicas, teñen a obriga de protexer e conservar o patrimonio natural, e dentro del sitúase o patrimonio xeolóxico.

Por outra banda, a propia Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, recolle unha serie de competencias, no seu artigo 25, que poden ter relación coa xestión do Xeoparque:

e. Patrimonio histórico-artístico.

f. Protección do medio ambiente.

m. Actividades ou instalacións culturais e deportivas; ocupación do tempo libre; turismo.

n. Participar na programación do ensino e cooperar coa Administración educativa na creación, construción e sostemento dos centros docentes públicos, intervir nos seus órganos de xestión e participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria.

Igualmente, a Lei de bases tamén regula o funcionamento das **deputacións** provinciais, e é preciso salientar que entre as competencias que recolle o artigo 36 están a coordinación dos servizos municipais entre si, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, ou a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e a planificación no territorio provincial.

Asemade, as deputacións poden outorgar subvencións e axudas para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Polo tanto, a colaboración e a participación da Deputación provincial dentro do proxecto do Xeoparque está dentro do seu marco competencial, e pode axudar, técnica e/ou financeiramente aos concellos promotores no seu proxecto de creación do Xeoparque. É necesario lembrar que en moitos dos Xeoparques existentes en España as deputacións, e no caso das illas os Cabidos, forman parte activa na súa xestión.

A modo de conclusión, podemos sinalar que os concellos poden promover a creación de Xeoparques, contan con competencias nos ámbitos do patrimonio, a protección do ambiente, o turismo ou o ensino, que están directamente relacionados cos obxectivos dos Xeoparques, e ademais poden colaborar con outras Administracións, nomeadamente a Xunta, a Deputación Provincial e mesmo a Mancomunidade, así como cos axentes sociais do territorio para desenvolveren este tipo de figuras.

2.5. DAFO SINTÉTICA E ANÁLISE FINAL DE POTENCIALIDADES:

Unha vez finalizada a exposición de datos contextualizadores, podemos realizar unha análise DAFO, como método sinxelo de ordenación da información, e a partir do que se iniciará o proceso de identificación das liñas estratéxicas.

A matrices DAFO estrutúrase en catro categorías básicas:

- **Debilidades** ou puntos débiles: son unha limitación, defecto ou inconsistencia que constitúe un obstáculo para conseguir un obxectivo. Trátase de algo intrínseco ao propio territorio, que vén dado dende dentro.
- **Ameazas**: enténdense como unha circunstancia ou situación, fóra da contorna, desfavorable para conseguir un obxectivo. Este tipo de circunstancias proceden do exterior e son provocadas por axentes alleos ao territorio estudado.
- **Fortalezas** ou puntos fortes: son un elemento favorable que se identifica internamente para o logro dun obxectivo desexado.
- **Oportunidades**: refírese a circunstancias ou situacións externas, pero que son potencialmente favorables.

Tendo en conta esta metodoloxía, presentamos a continuación un cadro no que recollemos os elementos que, segundo o que fomos vendo ao longo da presente diagnose, ou que fomos obtendo do noso propio coñecemento do territorio e do proxecto, consideramos que hai que ter en conta.

O cadro terá, en primeiro lugar, unha columna dedicada ás debilidades, enfrontada coas ameazas. E a continuación estarán as fortalezas, en paralelo ás oportunidades.

DEBILIDADES	AMEAZAS
<ul style="list-style-type: none"> - Baixa densidade de poboación - Avellentamento acusado e elevada idade media - Regresión demográfica continuada - Saldo migratorio negativo, por mor da escasa recepción de inmigrantes - Excesiva dispersión da poboación, co encarecemento dos servizos - Dificultades de mobilidade e dependencia do transporte privado - Escaseza de actividades comerciais - Falta de industria de transformación da 	<ul style="list-style-type: none"> - Emigración de poboación nova e formada cara a zonas urbanas máis atraentes - Movemento diario de traballadores/as cara a outros concellos urbanos - Urbanización sociolóxica e perda da identidade e cultura rural - Dificultade para atraer investimentos - Risco de implantación de actividades cun alto grao de alteración do medio (minas, eólicos...) - Competencia con destinos turísticos próximos máis consolidados (Eume,

DEBILIDADES	AMEAZAS
<p>madeira, do sector agrícola e da pesca</p> <ul style="list-style-type: none"> - Abandono das actividades agrarias tradicionais e monocultivo do eucalipto - Excesiva partición da propiedade - Predominio da microempresa, pouco capitalizada e con equipamento obsoleto - Baixo grao de innovación e falta de axentes "tractores" para a innovación - Reducida taxa de actividade - Ingresos municipais reducidos e pouca capacidade orzamentaria dos concellos - Falta de coordinación política a nivel comarcal, e risco de tendencias localistas - Ausencia dunha cultura da planificación territorial estratéxica - Tecido social débil e desartellado - Insostibilidade do transporte público, con deficiencias nas liñas de autobuses, e desaproveitamento do ferrocarril - Oferta turística escasa e desartellada - Exceso de turismo de segunda residencia - Baixa calidade, modernización e formación no sector hostaleiro - Déficit de coordinación na organización de eventos entre os municipios - Deficiente sinalización turística - Importante estacionalidade da demanda turística nos meses de verán - Descoñecemento sobre o proxecto do Xeoparque na poboación local - Falta de produtos xeoturísticos: centros de interpretación, materiais, web... - Importantes diferenzas turísticas entre o interior e a costa - Non existe un sistema de recollida de información turística - Falta de definición das fontes de financiamento do proxecto - Inexistencia dun organismo xestor do Xeoparque - Risco de cansazo no tecido político e social pola falta de concreción do proxecto 	<p>Camiño Francés)</p> <ul style="list-style-type: none"> - Situación económica restritiva para as administracións locais - Dificultades para o acceso ao financiamento para a actividade produtiva - Perda de competitividade xeral das comarcas e das súas empresas - Escasa colaboración coa Xunta de Galicia na promoción do Xeodestino - Exceso de carga burocrática por parte doutras administracións - Exceso de Xeoparques en España, que pode debilitar a candidatura ante a UNESCO - Competencia doutras candidaturas a Xeoparques, como pode ser a de Costa Quebrada

FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> - Calidade ambiental do aire e das augas - Clima suave e húmido - Riqueza e diversidade paisaxística - Existencia de espazos naturais da Rede Natura 2000 - Mantemento, relativo, dos sectores agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro. E do modo de vida rural disperso - Elevada produción de madeira - Existencia de industria agroalimentaria, vencellada aos lácteos e ás conservas - Valorización dos produtos artesanais do territorio - Mocidade ben formada e cualificada - Situación xeográfica estratéxica no norte de Galicia e importante conectividade viaria - Existencia de camiños de ferro - Alto nivel de seguridade cidadá - Existencia de negocios de Turismo rural e aloxamentos, sobre todo na costa - Existencia de importantes elementos de interese turístico (patrimonio edificado, natural, etnográfico, inmaterial, agrícola) - Elevado número de recursos xeolóxicos en todo o destino, e diferenzas notables co resto de Xeoparques do Estado - Destacada gastronomía e produtos agro alimentarios do destino - Rutas xeolóxicas e de sendeirismo - Existencia de camiños históricos e rutas nas proximidades, p.ex. o Camiño Inglés ou da Costa - Existencia de actividades relacionadas co entorno natural (surf) - Existencia de infraestruturas e empresas de actividades deportivas - Escenario natural maxestoso, con variedade de praias e cantís de elevada calidade visual - Celebración de festas e festivais de interese turístico - Existencia de actividades mariñeiras, marisqueiras e acuícolas con tirón turístico - Amplo coñecemento científico sobre a zona do Xeoparque - Interese crecente do tecido social e empresarial polo proxecto do Xeoparque - Vontade política de coordinación no 	<ul style="list-style-type: none"> - Atracción dos “neururais” polos contornos naturais de calidade - Demanda de produtos de calidade por parte do consumidor - Boa imaxe das producións agrícolas e pesqueiras galegas - Atracción neta de inmigrantes estranxeiros - Diversificación económica comarcal, con poboación activa ben distribuída en todos os sectores - Potencial utilización sustentable do patrimonio cultural, histórico e natural - Existencia dun amplo segmento de mercado, as familias con fillos, que contan cunha oferta específica e adaptada aínda insuficientemente desenvolta entre os destinos competidores - Fraccionamento das vacacións en diferentes momentos ao longo do ano - Auxe de novos segmentos da demanda turística: ornitoxía, surf, gastronomía, temporais, estrelas ... - Opcións para captar gravacións da industria audiovisual - Proximidade a outros mercados: Asturias, País Vasco, Portugal - Elevada poboación orixinaria do territorio que reside noutras partes de Galicia, do Estado ou no estranxeiro que poden actuar como prescriptores - Programas e axudas doutras Administracións - Apoio decidido da Deputación provincial e da Mancomunidade de concellos da comarca de Ferrol - Colaboración e apoio por parte doutros Xeoparques xa en funcionamento - Existencia de fondos europeos para o proxecto - Normativa favorable e pouco desenvolta - Complementariedade con outros destinos próximos

FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
Proxecto do Xeparque do Cabo Ortegal	

Esta matriz DAFO sérvenos entón para ter unha imaxe sintética da situación na que nos atopamos, e a partir dela podemos obter os factores que nos poden servir de impulso, así como nos advirte daqueles outros que poden ser limitantes.

Polo tanto, á vista disto, deberíamos potenciar as fortalezas, á vez que se tira proveito das oportunidades detectadas, namentres sería preciso evitar, sempre que sexa posible, os riscos vinculados ás ameazas, e superar as debilidades internas.

3. OBXECTIVOS PRIORITARIOS

Con base en todo o indicado nos capítulos precedentes, imos definir agora cales van ser os dous obxectivos prioritarios que deben guiar o proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal para os vindeiros meses.

Estes obxectivos serán o deseño dun Parque xeolóxico, que poña en valor os recursos existentes no territorio, e a preparación da candidatura que se debe presentar para lograr acadar a designación como Xeoparque mundial da UNESCO.

47

3.1. DESEÑAR O PARQUE XEOLÓXICO:

De forma previa, aínda que tamén en paralelo á preparación, presentación e defensa da candidatura a Xeoparque mundial da UNESCO, é preciso avanzar **no deseño dun Parque xeolóxico, no que se poñan en valor todos os recursos existentes, por medio dunha xestión froito da planificación e da cooperación entre os Concellos promotores, outras Administracións superiores e os axentes sociais do territorio.**

Empregamos a denominación de Parque xeolóxico e non Xeoparque para diferenciar entre unha xestión do patrimonio xeolóxico e territorial que conta co recoñecemento expreso da UNESCO, o cal sería un Xeoparque, e aquela outra na que non existe tal recoñecemento, que sería un Parque xeolóxico. Facemos notar que esta figura xa se está a empregar en determinados territorios sen recoñecemento, como é o caso de “Costa Quebrada”, na zona costeira da área urbana de Santander.

Polo tanto, o obxectivo sería artellar un Parque xeolóxico que funcione como tal, aínda que non conte coa designación como Xeoparque. Neste sentdo, os obxectivos estratéxicos que ten que abordar o proxecto serán:

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS PARA O DESEÑO DO PARQUE XEOLÓXICO

- Planificar de forma ordenada e coherente as estratexias e orientacións da políticas dos concellos promotores, para procurar sinerxías e mellorar o seu grao de eficiencia e de eficacia
- Activar e valorizar os elementos naturais, históricos, culturais e patrimoniais cun novo modelo de xestión enfocado na sustentabilidade e na xeración de valor engadido
- Protexer e conservar os recursos naturais da zona, para reforzar o seu valor didáctico, educativo e de investigación, principalmente dende a perspectiva das Ciencias da Terra
- Potenciar o xeoturismo, creando produtos e articulando a súa

comercialización, para atraer un turismo de calidade

- Divulgar a marca 'Xeoparque' como referencia turística e de promoción dos produtos locais, vinculada a aspectos de sustentabilidade ambiental
- Contribuír á dinamización económica, empresarial e social do territorio, baseada no desenvolvemento endógeno, para que xere emprego e rendas
- Incidir positivamente na mellora da autoestima colectiva, e na imaxe externa do territorio
- Mellorar o nivel de cualificación xeral da poboación, reter o talento e promover o emprendemento, para que propicien o cambio de signo do devalo demográfico

3.2. DEFINIR A CANDIDATURA PARA ACADAR A DESIGNACIÓN COMO XEOPARQUE MUNDIAL:

O segundo obxectivo prioritario é a propia preparación da candidatura para optar á designación como Xeoparque mundial da UNESCO.

Debido a que se trata dun proceso complexo e que se estende ao longo de varios meses, é necesario planificar como se vai actuar nas distintas fases nas que se divide o proceso.

Neste ámbito, os obxectivos estratéxicos que hai que procurar son os seguintes:

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS PARA A CANDIDATURA

- Poñer en funcionamento e afianzar a estrutura xestora do proxecto e do futuro Xeoparque
- Aprofundar na implicación da poboación local e do tecido social no proxecto, como elemento fundamental da candidatura
- Traballar á par co sector empresarial, como xestor de servizos e como beneficiario directo do futuro Xeoparque
- Preparar a candidatura con argumentos sólidos, baseados nos valores da UNESCO, para incrementar as posibilidades de aprobación
- Crear un relato que potencie os nosos elementos diferenciais, como son as características das rochas e da súa xénese, as impresionantes paisaxes atlánticas e o increíble patrimonio inmaterial que preservamos
- Reforzar a cooperación e as alianzas con outros Xeoparques

4. EIXOS DE TRABALLO

Para tentar acadar os obxectivos prioritarios e estratéxicos indicados, imos contar con oito eixos de traballo, que definirán as grandes áreas nas que se desenvolverán posteriormente as accións precisas:

- Conservación dos recursos, ámbito científico e de investigación
- Gobernanza e xestión
- Educación ambiental
- Xeoturismo
- Territorio e infraestruturas
- Desenvolvemento local e sustentabilidade
- Comunicación e visibilidade do proxecto
- Candidatura

E dentro de cada eixo definiremos unhas liñas de actuación fundamentais para lograr os obxectivos perseguidos.

4.1. CONSERVACIÓN DOS RECURSOS, ÁMBITO CIENTÍFICO E DE INVESTIGACIÓN:

O primeiro eixo é o vinculado ao propio recurso xeolóxico que está no cerne deste proxecto, e ao apoio ás Ciencias da Terra.

Os conceptos de xeodiversidade e de patrimonio xeolóxico son relativamente novos. A xeodiversidade refírese á variedade de elementos xeolóxicos (rochas, minerais, fósiles, solos, formas do relevo, unidades xeolóxicas, paisaxes) presentes nun territorio, e que son produto da evolución da Terra. Namentres o Patrimonio xeolóxico é o valor que teñen determinados elementos xeolóxicos, dado que son enclaves relevantes para a ciencia, polo seu valor intrínseco, polos seus usos potenciais ou polo risco de degradación.

Ambos os conceptos xorden da necesidade de entender a relación entre o medio natural e a humanidade. Neste contexto temos unha serie de elementos xeolóxicos que son singulares, polo seu valor paisaxístico, pola súa beleza, pola súa rareza, polo seu valor científico, ou polo seu valor histórico, evolutivo e educativo. A conservación deste patrimonio constitúe unha responsabilidade das Administracións públicas, e da sociedade no seu conxunto.

Neste contexto, o principal obxectivo e a finalidade esencial dos Xeoparques é a xeoconservación dos seus recursos. Por iso, é imprescindible que exista un plan de conservación que poida garantir a súa protección fronte a calquera actividade que afecte de xeito negativo á súa preservación. Contar cun inventario de recursos

significará ter unha ferramenta básica para determinar o tipo de recursos cos que contamos, a súa importancia e que tipo de xestión ou actuacións son necesarias realizar en cada caso.

Asemade, a relación entre o proxecto do Xeoparque e a comunidade científica deberá ser imprescindible e estreita, posto que a colaboración e apoio á mesma serán fundamentais.

Os estudos científicos realizados ata o momento sobre o territorio permitiron coñecer os recursos dos que dispón, así como o seu potencial, pero a investigación que a día de hoxe se está a realizar seguirá sacando á luz novos datos, que de seguro permitirán coñecer aínda mellor os recursos patrimoniais do futuro Xeoparque. Polo tanto, incentivar a investigación e o estudo do territorio, en todos os seus ámbitos, deberán ser outras das prioridades deste proxecto.

Ademais, o coñecemento científico pode axudar aos xestores do territorio no proceso de toma de decisións sobre a planificación territorial e a xestión ambiental, de cara a prever o deterioro ou a perda dos valores naturais, paisaxísticos ou culturais.

O Xeoparque, en coordinación cos seus colaboradores científicos e culturais, poderá axudar a transferir o coñecemento a toda a sociedade, a través da formación de divulgadores científicos e turísticos, e a creación e revisión de programas didácticos e de produtos divulgativos. Desta maneira, o Xeoparque poderá incentivar un turismo científico, que atraia estudantes, ensinantes e investigadores que desexen coñecer e traballar sobre o noso territorio.

Por último, non se trata só conservar o patrimonio xeolóxico, senón tamén o biolóxico e o cultural, dado que moitas veces van vinculados. Hai geosites ao longo do Mundo que son espazos sagrados, que están vinculados a lendas e historias, e que teñen un valor sentimental ou místico para moitos pobos. Dalgunha maneira o medio determina as características das sociedades, e iso hai que protexelo e aprobeitalo.

Tendo en conta isto, as **liñas de actuación** neste eixo serán:

- E1-LA1: inventario de recursos xeolóxicos
- E1-LA2: plan de conservación da xeodiversidade
- E1-LA3: relacións coa comunidade científica
- E1-LA4: apoio á investigación xeolóxica e á súa difusión
- E1-LA5: análise doutros elementos patrimoniais (naturais e culturais)

4.2. GOBERNANZA E XESTIÓN:

A xestión dun proxecto tan complexo como é un Xeoparque precisa dunha estrutura organizativa que lidere o proxecto, que marque as directrices e que conte cos recursos para levar a cabo as accións previstas.

Vivimos nunha sociedade apática, e en parte desartellada socialmente. Por este motivo é tan importante o papel das Administracións públicas, sobre todo as locais, como axentes do cambio e como entidades proactivas.

Dotarse dun órgano xestor áxil, eficaz, dinámico e centrado no territorio será un elemento necesario na consecución dos obxectivos, na aprobación da candidatura, e se cadra, na futura xestión do Xeoparque. Se falla a gobernanza, fallará o proxecto no seu conxunto, de aí a súa máxima importancia.

Propónse, neste senso, a creación dunha asociación formada polos sete concellos promotores, de cara a ter unha personalidade xurídica propia, gozar de máis axilidade, e facilitar o acceso a outras fontes de financiamento.

Ademais, esta entidade xestora debería contar, directa ou indirectamente, co persoal mínimo para poder executar os obxectivos previstos. Neste senso, e vendo o que acontece noutros Xeoparques, sería conveniente contar cunha Dirección científica, que se encargue dos aspectos vinculados á investigación e á difusión, e unha Xerencia ou coordinación executiva, que recolla as tarefas de carácter máis administrativo.

Estes dous postos deberían dinamizar o proxecto, e polo tanto terían que posuír amplos coñecementos do territorio, do tecido social e do funcionamento das Administracións, así como experiencia na xestión de proxectos e na procura de recursos e financiamento, ademais dunha perspectiva estratéxica e relacional.

En todo caso, a orientación desta estrutura de xestión ten que estar centrada na gobernanza, e non no enfoque burocrático e garantista, nin no xerencialismo que procura xestionar con eficacia e eficiencia os diferentes servizos públicos. Pola contra o paradigma da gobernanza céntrase en ofertar uns servizos acaídos ás necesidades, contando na xestión coa propia cidadanía.

Ora ben, un elemento esencial no referente aos Xeoparques é a participación cidadá e a implicación directa da poboación no seu desenvolvemento. Polo tanto, será imprescindible contar con estruturas que permitan a colaboración e a participación dos diferentes axentes do territorio, de cara a establecer relacións con outros axentes que permitan estruturar as políticas locais e sectoriais.

Tamén será preciso manter liñas de contacto e colaboración con outras Administracións públicas que teñen competencias sobre os ámbitos nos que vai traballar o Xeoparque, de cara a manter un fluxo de información fluído, así como para coordinar accións e lograr sinerxías. Ademais, estes organismos poderán axudar a fortalecer o traballo e a dar visibilidade ao Xeoparque.

Esta colaboración tamén haberá que buscala noutros territorios que, ou ben xa forman parte da rede de Xeoparques, ou ben están a traballar para candidatar-se. Coñecer outras experiencias pode ser moi positivo, tanto para a candidatura, como para a posterior xestión do Xeoparque. Nese senso, podemos recoller o termo inglés do *Benchmarking*, para aprender das boas prácticas doutros, e ver de adaptalas ás nosas circunstancias.

Tamén sería posible artellar alianzas de colaboración, ou mesmo partillar proxectos comúns.

Outro elemento esencial é a dispoñibilidade de recursos económicos para poder levar a cabo as accións previstas, dado que en moitos casos será preciso manter os órganos de xestión, realizar investimentos de mellora, e manter uns servizos que son necesarios para o funcionamento do Xeoparque.

Sen un financiamento minimamente estable as accións non se poderán desenvolver, e os obxectivos non se poderán acadar. É necesario ter recursos económicos suficientes para garantir a continuidade dos proxectos e dos procesos.

Por último, a prioridade nesta altura é preparar a candidatura e deseñar os primeiros pasos do proxecto do Xeoparque, pero de cara ao futuro farase imprescindible contar con novas planificacións de carácter estratéxico, que marquen o viero para o asentamento e o medre do Xeoparque. Da boa planificación saen a eficacia e a eficiencia, e en consecuencia a calidade e a excelencia na xestión pública.

Neste marco, sería interesante vincular o Xeoparque cos ODS (Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable para 2030, da ONU), para dirixir as accións que se pretendan realizar, así como para contar con indicadores comúns de progresión.

Tendo en conta o sinalado, as **liñas de actuación** neste eixo serán:

- E2-LA1: órgano de xestión
- E2-LA2: órganos de participación e cooperación
- E2-LA3: relacións con outras Administracións e entidades
- E2-LA4: relacións con outros Xeoparques e benchmarking
- E2-LA5: orzamento e financiamento
- E2-LA6: planificación estratéxica e vinculación cos ODS

4.3. EDUCACIÓN AMBIENTAL:

O eixo da educación será outra das principais áreas de traballo deste proxecto, e máis tendo en conta que a propia UNESCO está especialmente vinculada ao ensino. E educar é coñecer, conservar e progresar.

Por unha banda, será necesario implicar a todos os centros de ensino dos diferentes niveis educativos presentes no territorio. Sería desexable que incorporasen nos seus correspondentes plans educativos liñas de traballo sobre o coñecemento e a conservación dos recursos, tanto xeolóxicos como non xeolóxicos.

Pero tamén haberá que potenciar a visibilidade do futuro Xeoparque no resto de centros de ensino de Galicia. Para todo iso será necesario crear ou incrementar os materiais didácticos e actividades de divulgación que poñan en valor os recursos do territorio.

Ora ben, non hai que centrarse só no ámbito escolar, senón que é preciso levar a educación ambiental a outros sectores da poboación, para que melloren os seus coñecementos sobre as Ciencias da Terra e a súa repercusión sobre a vida diaria.

Tendo en conta o sinalado, as **liñas de actuación** neste eixo serán:

- E3-LA1: implicación dos centros escolares do territorio
- E3-LA2: implicación dos centros escolares doutras áreas
- E3-LA3: educación ambiental para outros colectivos

4.4. XEOTURISMO:

O turismo é unha actividade económica relevante no mundo actual. Segundo Eurostat, na UE hai 17 millóns de postos de traballo neste sector, e contribúe nun 10% ao PIB. En Galicia, e sobre todo no noso territorio, estas cifras non se están acadando, polo que aínda existe unha ampla marxe de mellora, coas conseguíntes repercusións potenciais sobre o emprego, ou sobre as rendas.

O xeoturismo xorde cando as persoas se desprazan para coñecer o patrimonio xeolóxico dunha determinada zona. Isto serve como lecer, pero tamén para incrementar a concienciación sobre a fragilidade do medio, e para mellorar o nivel de coñecemento do conxunto da sociedade. E ademais, pode xerar emprego e novas rendas.

Polo tanto, a promoción do territorio mediante o xeoturismo é fundamental, polo que a creación dun plan de actividades, como poden ser as “xeorutas”, marcarase como algo prioritario. Este plan deberá ser coordinado, tanto en forma, como en contidos, pero tamén deberá ter en conta a que tipo de público e nivel irá destinado en cada caso.

Haberá que inventariar, analizar e cuantificar todos aqueles edificios, centros, museos... nos que exista ou poida existir unha oferta turística, e determinar que actuacións cómpre realizar en cada caso para mellorar ou optimizar a súa xestión, difusión e coñecemento.

Por outra banda, é necesario crear un novo produto turístico, como é o Xeoparque, e lograr o seu recoñecemento tanto a nivel peninsular como internacional. Nesta liña, hai que deseñar un destino turístico diferenciado dentro do escenario galego, cunha imaxe atractiva, que atraia talento e iniciativas.

Outro elemento esencial para poder marcar políticas turísticas axeitadas é o acceso a datos reais do sector. A recollida de estatísticas por parte dos diferentes axentes do territorio será esencial.

O turismo non é un sector monolítico, senón que ten unha cadea de valor moi extensa, que abrangue ás axencias e operadores, aos aloxamentos, á restauración, ás atraccións, ou aos transportes. Polo tanto, dada a cantidade de axentes que interveñen na articulación da oferta turística, e ao seu carácter

minifundista, é necesario un labor de coordinación e cooperación entre os ditos axentes, para poder facer fronte aos retos do proxecto.

E se queremos que o turismo sexa un elemento esencial, sobre todo no referido á creación de emprego e actividade económica, é fundamental que o persoal das diferentes actividades turísticas conten coa cualificación axeitada para atender coa máxima calidade aos futuros clientes.

Tendo en conta o sinalado, as **liñas de actuación** neste eixo serán:

- E4-LA1: plan de actividades, xeorutas e outros consumibles
- E4-LA2: inventario de recursos da oferta turística
- E4-LA3: posicionamento do produto turístico nos distintos mercados e a súa comercialización
- E4-LA4: recollida de información turística e indicadores
- E4-LA5: coordinación de axentes públicos e privados
- E4-LA6: melloras na cualificación do sector turístico

4.5. TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS:

A sinalización dos principais recursos permite coñecerlos e dalos a coñecer. Por iso, cómpre determinar o estado no que se atopa este tipo de infraestruturas dentro do territorio.

Así mesmo, a creación de novas actuacións nesta materia deberá realizarse de xeito coordinado, e homoxeneizando os contidos, o deseño e o tipo de información que se quere amosar.

Faise necesario desenvolver novos consumibles, e crear infraestruturas para a acollida, a visita e a interpretación, dado que senón poderíamos atoparnos con que non podemos atender a demanda, e as súas expectativas poderían verse insatisfeitas, co conseguinte impacto negativo sobre os espazos máis afectados, e a perda de calidade e credibilidade do proxecto. Polo tanto, é imprescindible dotar o territorio das infraestruturas adecuadas, primando os aspectos de conservación e protección dos recursos.

Así, a interpretación do patrimonio é unha ferramenta de conservación, dinamización e posta en valor que é necesario potenciar, para o é preciso contar con espazos interpretativos de calidade, facilitar o acceso aos lugares de interese, preparar os puntos de acollida, os aparcamentos, as rutas etc.

Os accesos son aspectos esenciais nalgúns puntos de interese, polo que cómpre ter un plan de investimentos neste eido, para deseñar actuacións como a que se vai realizar en 2020 por parte do Concello de Ortigueira e da Deputación Provincial, quen cofinanciaron a ampliación da DP6104, coa creación de beiravías

e aparcamentos, para dar acceso ao banco de Loiba, que durante os meses de xullo e agosto de 2019 tivo unha afluencia de 20.000 vehículos.

Ora ben, non todos os investimentos teñen que depender do grupo promotor. Tamén pode haber outras Administracións ou entidades (universidades, empresas, asociacións parroquiais, ecoloxistas, deportivas ...) que participen e xestionen directamente os seus recursos. Haberá entón que facilitar o contacto con estas entidades, e coordinar as actuacións na procura de sinerxías.

Por outra banda, o urbanismo e a xestión do territorio a nivel local tamén poden ter unha incidencia directa no Xeoparque. Un territorio ben ordenado é un activo para o desenvolvemento, e é preciso ter iniciativas que poidan tirar proveito, racional, dos recursos territoriais. Polo tanto, sería necesario participar nos procesos vinculados á planificación territorial (urbanística, sectorial, paisaxística ...) para que se recollan e se comprendan os obxectivos e as oportunidades que o Xeoparque pode xerar.

Por último, o noso territorio ten un déficit histórico en infraestruturas de transporte, incidindo negativamente na mobilidade dos residentes e das persoas que nos visitan. Será preciso coordinar os servizos e as infraestruturas existentes de cara a maximizalas e mellorar a mobilidade xeral no territorio.

Tendo en conta o sinalado, as **liñas de actuación** neste eixo serán:

- E5-LA1: sinalización e accesibilidade dos recursos
- E5-LA2: plan de investimentos: espazos interpretativos e posta en valor dos recursos
- E5-LA3: colaboración con outros entes na conservación do patrimonio
- E5-LA4: participación na planificación territorial
- E5-LA5: mellora da mobilidade

4.6. DESENVOLVEMENTO LOCAL E SUSTENTABILIDADE:

O concepto de desenvolvemento local está intrinsecamente inserido no cerne dos Xeoparques. A conservación e a difusión do patrimonio xeolóxico ten que vincularse decididamente coa xeración de emprego, coa actividade económica e coa mellora das condicións de vida do conxunto da poboación do territorio onde se sitúa o Xeoparque.

Por este motivo, o desenvolvemento local, cunha perspectiva holística e sustentable, ten que ser un dos guieiros do proxecto. E o Xeoparque pode actuar como motor do armazón socioeconómico, e consolidarse como axente de transformación social.

Un dos primeiros obxectivos debería ser apoiar o emprendemento e a vinculación de novos negocios co Xeoparque. O acceso a axudas, o asesoramento persoal e a simplificación dos trámites poden ser elementos claves para que as persoas ou empresas que queiran emprender poidan ter as condicións axeitadas para realizalo.

Por outra banda, o territorio conta con produtos, agroalimentarios, pesqueiros ou artesanais, que poden vincularse directamente co Xeoparque, de forma que sexan un referente e teñan unha marca territorial para presentarse no mercado cun elemento diferenciador e que mellore a súa competitividade.

Se cadra hai dous sectores nos que se pode incidir de maneira especial: a pesca e o forestal, nos que xa temos unha moi boa visibilidade. Hai que ter en conta que Galicia (5% da superficie de España e 0,65% da UE) produce o 50% da pesca de España e o 10% de toda a UE. Xa contamos cunha imaxe, que cómpre agora aproveitar para incidir na mellora da calidade e na xeración de valor engadido.

No caso do sector forestal, Galicia produce o 45% da madeira española e o 5% de toda a UE. E ademais, o territorio do Xeoparque pode ser considerada a área con maior produtividade forestal de toda Europa. E, malia que existe unha ampla produción forestal, non se están a aproveitar completamente as potencialidades coas que contamos. Sería necesario actuar neste sector, para avanzar cara a producións máis rendibles económica e ambientalmente.

Por outra banda, existe outro sector con forte presenza en todo o territorio, pero que nembargante está totalmente desaproveitado, que é o da fruticultura, e nomeadamente do cultivo da mazá. Se cadra o Xeoparque pode ser unha oportunidade para artellar o sector, de cara á súa profesionalización.

Por estes motivos, haberá que complementar o apoio a estes e outros sectores en colaboración con outras entidades máis especializadas, como son os GDR ou os GALP.

Por outra banda, tamén se pode incidir na mellora dos recursos humanos. É preciso colaborar coas empresas na adaptación das habilidades e das capacidades dos traballadores e traballadoras para que teñan un mellor encaixe no mercado laboral local. Para iso, haberá que coordinar as políticas públicas de emprego e a organización de cursos.

En último lugar colocamos a creación dun grupo de apoio ao Xeoparque, que aglutine a persoas, institucións e empresas que aposten e apoien a súa existencia e queiran facer parte activa do proxecto.

Tendo en conta o sinalado, as **liñas de actuación** neste eixo serán:

- E6-LA1: apoio ao emprendemento e á promoción económica
- E6-LA2: marca territorial para os produtos locais
- E6-LA3: mellora da cualificación e da orientación laboral
- E6-LA4: entidade de apoio do Xeoparque

4.7. COMUNICACIÓN E VISIBILIDADE DO PROXECTO:

Outro aspecto importante neste momento de inicio é o da comunicación e da visibilidade do proxecto, sobre todo tendo en conta que pretendemos presentar a nosa candidatura á marca da UNESCO, e o proceso é complexo e longo, e é fundamental contar co apoio cidadán.

Neste senso, o primeiro aspecto que será necesario determinar será o “relato”, ou sexa, aquilo que queremos contar sobre o noso Xeoparque.

A definición do relato deberá ser clara e concisa, de xeito que poida ser entendida por calquera tipo de público, independentemente do seu nivel e coñecemento científico do territorio.

Para iso, tamén hai que lograr un equilibrio óptimo entre o rigor científico e o coñecemento transmitido, así como coa accesibilidade ás mensaxes e aos contidos.

Aínda que este non é o momento para determinar o fondo dese relato, consideramos que o lema ou o concepto esencial do Xeoparque pode ser “Unha viaxe ao interior da Terra”.

Como xa se indicou anteriormente, a nosa Terra é rica en lendas, crenzas e tradicións que nos levan á fonda relación entre os grupos humanos e os territorios onde residen. É necesario recuperar ese patrimonio, e pólo en valor, como complemento perfecto aos recursos xeolóxicos e naturais cos que contamos. E o caso dos camiños a Teixido pode, e debe, ser un elemento esencial que lle dea un carácter máxico e transcendental, e nos distinga doutros Xeoparques.

Unha vez que teñamos o relato, será necesario facelo visible. E para iso cumprirá ter unha imaxe, e empregar os medios de información e comunicación que hoxe en día nos permiten as novas tecnoloxías. Será preciso, entón, crear e manter unha web do proxecto, e alimentar as redes sociais coas novidades e coas iniciativas que se vaian desenvolvendo.

Pero ademais é imprescindible que exista unha xestión centralizada, que coordine as actuacións dos concellos e do resto de axentes, de cara a evitar solapamentos e contradicións, que son especialmente negativas.

E o seguinte elemento será crear materias físicas, como folletos, mapas, paneis ou libros, que presenten o Xeoparque e que dean máis contidos ao proxecto. Tamén haberá que ter en conta o merchandising, que permite difundir elementos básicos do proxecto, pero que ademais poden ter unha incidencia moi positiva na autoestima e no sentimento de pertenza da cidadanía.

Tendo en conta o sinalado, as **liñas de actuación** neste eixo serán:

- E7-LA1: determinar o relato do Xeoparque
- E7-LA2: coñecemento e posta en valor do patrimonio inmaterial

- E7-LA3: imaxe e medios de comunicación e a súa xestión
- E7-LA4: publicacións e materiais de difusión

4.8. CANDIDATURA:

E o derradeiro eixo de traballo ten que ver coa propia candidatura a Xeoparque mundial da UNESCO.

A elaboración dunha candidatura sólida, completa e ben argumentada será fundamental para que os distintos organismos e Administracións implicadas no proceso de presentación do proxecto non se atopen con defectos de forma ou con información incompleta que poida afectar negativamente á imaxe e ao contido do proxecto.

Haberá que coñecer ben os requisitos que se esixen, e telos en conta á hora de montar a candidatura. De forma resumida, a candidatura conleva a presentación dun dossier, xunto cun documento de autoavaliación e unha ampla relación de cartas de apoio.

Do mesmo xeito, é preciso cumprir e ter claros todos os prazos e datas establecidas ao longo do proceso de presentación da candidatura, algo básico para ter marxe de tempo de cara a calquera modificación ou cambio que se puidese producir.

Por último, unha vez presentada, haberá que facer un seguimento da candidatura, contactando coas Administracións competentes, e, chegado o momento, encarar a visita de avaliación, coa recepción do grupo de expertos.

Tendo en conta o sinalado, as **liñas de actuación** neste eixo serán:

- E8-LA1: preparar a candidatura a Xeoparque
- E8-LA2: seguimento e defensa da candidatura

5. FONTES POTENCIAIS DE FINANCIAMENTO

O financiamento é unha parte esencial de toda planificación, xa que sen recursos non se poden levar a cabo as accións que pretendemos realizar.

Neste caso, tanto para a aplicación efectiva do Plan de acción do proxecto, redactado a finais do ano 2019, como para a posta en marcha e o mantemento do Xeoparque do Cabo Ortegal, é imprescindible contar cun financiamento acaído.

Nomeadamente, para comezar a andaina do Xeoparque é necesario dispor de recursos económicos que permitan, por unha banda, manter os propios órganos de xestión imprescindibles para acadar a designación da UNESCO, e pola outra realizar aqueles investimentos e manter os servizos que darán funcionalidade ao proxecto e permitirán avanzar no desenvolvemento sustentable do territorio.

60

5.1. Estrutura básica e orzamento:

Dado que é imprescindible contar cun **órgano de xestión** do proxecto do Xeoparque, é necesario que o dito ente conte cun orzamento, que lle dea viabilidade e estabilidade.

Os concellos promotores están en proceso de creación dunha asociación formada polos sete municipios, coa intención de que se converta no ente xestor do futuro Xeoparque.

Cómpre salientar que o ente xestor terá que dotarse de persoal de carácter técnico para, polo menos, levar a dirección científica do Xeoparque, así como a xerencia ou coordinación executiva, que asuma as tarefas de carácter administrativo e de xestión.

Obviamente, esta situación non impide que, inicialmente ou de cara ao futuro, o ente xestor poida dotarse de máis persoal, co obxectivo de prestar máis e mellores servizos vinculados ao Xeoparque.

Unha vez determinada a estrutura básica de xestión, será necesario establecer un marco orzamentario do ente. E de forma básica, haberá que contar con dous tipos de gastos fundamentais.

Por unha banda estarían os gastos estruturais, que abrangerían os custes de persoal e o gasto corrente básico (dominios, instalacións ...).

E por outro lado estarían os gastos vinculados a investimentos e a custes por servizos recibidos.

Asemade, pola parte dos ingresos tamén habería que facer un reparto semellante, tendo en conta os ingresos estables e fixos, que serían os vinculados ás cotas que cada concello promotor tivese que transferir ao ente xestor.

E por outro lado estarían os ingresos provenientes de fontes externas, principalmente de axudas ou subvencións, que analizaremos de seguido.

En todo caso, tamén habería que ter en conta os ingresos recibidos por servizos prestados (por exemplo, visitas guiadas, entradas, acceso a lugares de interese ...) e por achegas doutras entidades, principalmente privadas, en aplicación de convenios de colaboración ou mesmo doazóns.

5.2. Acceso a fontes de financiamento externo:

Unha parte importante do orzamento que se estableza terá vinculación co acceso a fontes de financiamento externo, tanto de Administracións e organismos públicos, como de fundacións e outras entidades privadas.

Por este motivo, imos sinalar a continuación aquelas fontes que potencialmente poden ser tidas en conta para desenvolver servizos ou para executar investimentos en aplicación do Plan de acción e dos obxectivos do proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal.

5.2.1. Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol:

Malia que non todos os concellos promotores fan parte da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol, este organismo é o encargado de xestionar o Xeodestino Ferrolterra-Rías Altas, onde si están abranguidos os sete municipios, canda outros quince.

A Mancomunidade está a xestionar unha serie de axudas provenientes da Xunta de Galicia e da Deputación provincial que están dirixidas á xestión do conxunto do Xeodestino.

Dado que o proxecto do Xeoparque é un elemento esencial na propia xestión do Xeodestino, e que a Mancomunidade xa veu financiando actuacións en prol do Xeoparque, é de agardar que esta situación se manteña no tempo, e polo tanto a Mancomunidade podería asumir economicamente determinadas accións das recollidas no Plan de acción, sobre todo aquelas que teñen relación coa promoción turística.

Neste senso, o ente xestor tería que manter unha comunicación fluída coa Mancomunidade e determinar anualmente que accións podería financiar a Mancomunidade, e cales son os ámbitos fundamentais de cooperación.

5.2.2. Deputación provincial:

Ao longo dos últimos anos, e sobre todo dende a creación da Comunidade intermunicipal de servizos públicos consorciados formada polos sete concellos promotores e a Deputación provincial, esta última Administración amosou o seu apoio constante e decidido ao proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal.

Por este motivo, é de agardar que este apoio se manteña de cara aos vindeiros anos, e mesmo podemos intuír que o organismo provincial colabore economicamente co funcionamento do ente xestor e co financiamento das accións previstas no Plan de acción.

Neste senso, será necesario manter unha política de comunicación e de cooperación constante, especialmente co departamento provincial de Turismo, de cara a analizar as posibilidades de apoio económico ao proxecto.

Especificamente sería desexable establecer entre ambas as partes un convenio de colaboración plurianual, que inxecte recursos económicos no ente xestor, para darlle maior estabilidade e posibilitar que se logren os obxectivos pretendidos.

Por outra banda, a Deputación conta con servizos que tamén poden ser empregados no ámbito do proxecto do Xeoparque, como poden ser o propio departamento de Turismo, no referente á difusión do produto turístico, ou a imprenta provincial, para a edición de material divulgativo e informativo.

En todo caso, isto non evita que o ente xestor poida facer uso doutras liñas de subvencións e axudas de carácter competitivo que convoca a Deputación periodicamente, como o POS+, se se consideran axeitadas para o desenvolvemento do proxecto.

Ou mesmo, sería factible incorporar actuacións no Plan de conservación de vías provinciais, naquelas vías que sexan de competencia da Deputación, ou facer uso das oportunidades do plan anual de Formación continua que leva a cabo a Deputación para impartir cursos destinados ao persoal dos concellos do Xeoparque.

5.2.3. Xunta de Galicia e organismos autonómicos:

Tal e como xa vimos, moitas das competencias relacionadas cos Xeoparques están depositadas na Xunta de Galicia, polo que a súa implicación e colaboración tamén debería ser fundamental no desenvolvemento deste proxecto.

Por unha banda, sería preciso estudar a posibilidade de lograr financiamento para o Xeoparque mediante subvencións nominativas vinculadas a convenios de colaboración. Nomeadamente, podería empregarse esta opción cos departamentos de Turismo e Patrimonio Natural, aínda que tamén sería posible con Pesca ou Medio Rural.

Por outra banda, tamén sería factible acceder a liñas de financiamento competitivo das diferentes e diversas convocatorias de axudas que todos os anos publican as consellerías e outros organismos autonómicos, como as propias de Turismo e Medio Rural, ou as de Administración local (Fondo de compensación ambiental, infraestruturas municipais), Medio Ambiente (Rede Natura 2000), INEGA (aforro enerxético e enerxías renovables), ou Emprego (Programas de cooperación, escolas obradoiros, orientación laboral, cooperativismo, AFD ...).

Haberá, entón que consultar as convocatorias e presentar proxectos que teñan encaixe no Plan de acción.

5.2.4. Estado:

Cómpre salientar que non existe financiamento específico a nivel estatal para estas figuras, aínda que é o Estado quen controla e xestiona a creación de Xeoparques perante a UNESCO.

En todo caso, xa se está a traballar para lograr que o Estado achegue diñeiro aos Xeoparques, tal e como xa fai coas Reservas da Biosfera, outra figura creada ao abeiro da propia UNESCO.

En todo caso, aínda que non son moi habituais, existen algunhas liñas de subvencións estatais que poderían solicitarse, sobre todo no ámbito da mellora do sector turístico, ou o 1,5% Cultural, para BICs.

Por outra banda, tamén hai que salientar as posibilidades de colaboración con organismos estatais, como son o IGME, sobre todo en materia de investigación xeolóxica, ou coa Demarcación de Costas, para o que teña a ver co litoral e nomeadamente co dominio público marítimo terrestre.

Por último, a Fundación Biodiversidad, dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica, posúe unha serie de liñas de subvencións para temas que teñen que ver co medio ambiente, que tamén poderían ser de interese.

5.2.5. Unión Europea:

Malia que os Xeoparques non están dentro da órbita da UE, si é certo que figuras como a Rede Natura 2000, e políticas en prol da conservación da biodiversidade, a agricultura, a pesca, a educación ou o mercado laboral, teñen unha relación moi forte cos obxectivos dos Xeoparques.

Isto posibilita o acceso a liñas de financiamento comunitario, que poden ser de especial interese, tanto polos seus importes, como pola visualización do proxecto a nivel europeo.

Neste caso, as convocatorias poden ser de xestión directa, por parte da Comisión Europea, ou indirecta, xestionadas polos Estados ou pola Xunta.

Nestas últimas temos que citar o caso das liñas de apoio dos Grupos de desenvolvemento rural (GDR) que subvencionan accións de desenvolvemento económico participativo nos ámbitos rurais, e mais os Grupos de acción local pesqueiros (GALP) que fan o propio cos fondos provenientes do FEMP.

En todo o que ten a ver co acceso aos fondos comunitarios é preciso ter en conta que durante o marco plurianual de programación 2014-2020 a UE está dirixida pola chamada Estratexia Europa 2020, que ten como prioridades o Crecemento intelixente (desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento e a innovación), o Crecemento sostible (promoción dunha economía que faga un uso máis eficaz dos recursos, que sexa máis verde e competitiva) e o Crecemento integrador (fomento dunha economía con alto nivel de emprego que teña cohesión social e territorial).

A Estratexia determina polo tanto en que se deben gastar os fondos europeos (especialmente os fondos estruturais e de investimento: FEDER, FSE, FEMP, FEADER), e reitera tamén a necesidade de actuar e promover:

- A innovación e a implantación da sociedade da información
- A educación e a formación permanente e a mellora das cualificacións
- A competitividade baseándose nunha economía “verde”

En consecuencia, nas solicitudes que se realicen haberá que ter en conta estas orientacións xerais, así como as propias das diferentes convocatorias, para lograr acceder a proxectos con financiamento comunitario.

Tamén hai que salientar que na inmensa maioría dos casos, as axudas europeas prima a perspectiva da adicionalidade, isto quere dicir que se esixirá unha porcentaxe de cofinanciamento, polo que sería preciso contar con recursos propios, ou procedentes doutros entes que non dependan da propia UE.

Ora ben, dado que o actual período de programación termina a finais de 2020, será preciso estar atentos aos cambios que se acorden para o novo período plurianual. Segundo as negociacións existentes, a política de cohesión irá destinada sobre todo ás rexións menos desenvolvidas, e terá un enfoque de apoio ao crecemento intelixente (que terá o 45% dos fondos) e á economía baixa en carbono ou economía verde (que disporá do 30% dos fondos).

En principio, Galicia será unha rexión en transición (entre 75% e 90% do PIB medio da UE), polo que terá que cofinanciar con fondos propios un 45% dos proxectos que se aproben, aínda que os anticipos poden ser de ata o 80% da axuda.

Como novidade semella que o 6% dos fondos estruturais será para accións de desenvolvemento local participativo (GDR, GALP ...), e terá 2 enfoques: urbano e rural-costa. Nestes enfoques primaranse 4 eidos: patrimonio cultural, turismo, patrimonio natural e seguridade. E a UE obrigará a que as accións que se desenvolvan teñan que estar integradas nunha estratexia territorial, como podería ser o noso caso.

5.2.6. Entidades privadas:

Aínda que non son fontes moi empregadas, existen entidades privadas, como empresas ou fundacións, que poden participar no financiamento de accións concretas do Plan de acción.

Para iso sería necesario contactar con esas entidades, e negociar os correspondentes acordos ou convenios que permitan regular as relacións de cooperación e financiamento das accións que se queiran levar a cabo.

